

Programación didáctica do Departamento de
LINGUA GALEGA E LITERATURA

Curso 2009 —2010
IES As Telleiras

Membros do departamento:	Sinaturas:
Rafael Porta Vigo	
José Cid Cid	

Eva Ríos Vázquez	
Mª Carmen Suárez Rey	
María Yáñez Gradaílle	
Víctor Torreiro García	

Índice:

<u>1.- Lingua galega e literatura.....</u>	<u>4</u>
<u>1.1. Competencias básicas.....</u>	<u>4</u>
<u>1.2. 1º ESO.....</u>	<u>6</u>
1.2.1. Obxectivos.....	6
1.2.2. Contidos por avaliación.....	7
1.2.2.1 Competencias Básicas por tema:.....	11
1.2.3. Contidos mínimos.....	12
1.2.4. Criterios de avaliación.....	12
1.2.5. Metodoloxía didáctica.....	12
1.2.6. Procedementos de avaliación.....	13
1.2.7. Actividades de recuperación.....	14
1.2.8. Contribución ao Proxecto Lector.....	14
1.2.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.....	15
1.2.10. Materiais e recursos didácticos.....	15
1.2.11. Actividades complementarias e extraescolares.....	15
1.2.12. Medidas de atención á diversidade.....	15
<u>1.3. 2º ESO.....</u>	<u>15</u>
1.3.1. Obxectivos.....	15
1.3.2. Contidos por avaliación.....	16
1.3.2.1 Competencias Básicas por tema:.....	18
1.3.3. Contidos mínimos.....	19
1.3.4. Criterios de avaliación.....	19
1.3.5. Metodoloxía didáctica.....	19
1.3.6. Procedementos de avaliación.....	20
1.3.7. Actividades de recuperación.....	21
1.3.8. Contribución ao Proxecto Lector.....	21
1.3.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.....	21
1.3.10. Materiais e recursos didácticos.....	21
1.3.11. Actividades complementarias e extraescolares.....	21
1.3.12. Medidas de atención á diversidade.....	22
<u>1.4. 3º ESO.....</u>	<u>22</u>

1.4.1. Obxectivos.....	22
1.4.2. Contidos por avaliación.....	23
1.4.2.1 Competencias Básicas por tema:.....	25
1.4.3. Contidos mínimos.....	26
1.4.4. Criterios de avaliación.....	26
1.4.5. Metodoloxía didáctica.....	27
1.4.6. Procedementos de avaliación.....	28
1.4.7. Actividades de recuperación.....	28
1.4.8. Contribución ao Proxecto Lector.....	28
1.4.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.....	29
1.4.10. Materiais e recursos didácticos.....	29
1.4.11. Actividades complementarias e extraescolares.....	29
1.4.12. Medidas de atención á diversidade.....	29
1.5. 4º ESO.....	30
1.5.1. Obxectivos.....	30
1.5.2. Contidos por avaliación.....	30
1.5.2.1 Competencias Básicas por tema:.....	33
1.5.3. Contidos mínimos.....	34
1.5.4. Criterios de avaliación.....	34
1.5.5. Metodoloxía didáctica.....	34
1.5.6. Procedementos de avaliación.....	35
1.5.7. Actividades de recuperación.....	36
1.5.8. Contribución ao Proxecto Lector.....	36
1.5.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.....	37
1.5.10. Materiais e recursos didáctico.....	37
1.5.11. Actividades complementarias e extraescolares.....	37
1.5.12. Medidas de atención á diversidade.....	37
1.6. 1º Bacharelato.....	37
1.6.1. Obxectivos.....	37
1.6.2. Contidos.....	38
1.6.3. Contidos mínimos.....	39
1.6.4. Criterios de avaliación.....	40
1.6.5. Metodoloxía didáctica.....	40
1.6.6. Procedemento de avaliación.....	41

1.6.7. Actividades de recuperación.....	42
1.6.8. Materiais e recursos didácticos.....	42
1.6.9. Actividades complementarias e extraescolares.....	42
1.7. 2º de Bacharelato.....	42
1.7.1. Obxectivos.....	42
1.7.2. Contidos.....	42
1.7.3. Contidos mínimos.....	43
1.7.4. Criterios de avaliación.....	43
1.7.5. Metodoloxía didáctica.....	44
1.7.6. Procedementos de avaliación.....	44
1.7.7. Actividades de recuperación.....	44
1.7.8. Materiais e recursos didácticos.....	45
1.7.9. Actividades complementarias e extraescolares.....	45
<i>2.- 2.-Ámbito socio-lingüístico.....</i>	<i>45</i>
2.1. Competencias Básicas.....	45
2.1.1. Obxectivos	45
2.1.2. CONTIDOS.....	46
2.1.2.1 Competencias Básicas por tema:.....	51
2.1.3. Contidos mínimos.....	52
2.1.4. Metodoloxía.....	52
2.1.5. Criterios de avaliación.....	53
2.1.6. Procedementos de avaliación (para os dous cursos).....	54
2.1.7. Actividades de recuperación (para os dous cursos).....	54
2.1.8. Contribución ao Proxecto Lector.....	54
2.1.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.....	54
2.1.10. Materiais e recursos didácticos.....	54
2.1.11. Actividades complementarias e extraescolares.....	54
<i>3.- Criterios para avaliar a programación.....</i>	<i>55</i>

Lingua galega e literatura

Competencias básicas

A área de lingua galega e literatura ten como finalidade primeira a mellora da competencia comunicativa, utilizando a linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e regulación de condutas e emocións. O obxectivo central desta competencia é comprender e saber comunicarse nas diversas situacións que se xeran no ámbito social, cultural e académico, utilizando as fontes de información e os soportes que hoxe están á nosa disposición. Así, a linguaxe ten un papel fundamental no desenvolvemento integral da persoa, nas súas relacións consigo mesma e con outras persoas, na súa forma de entender e explicar o mundo.

Competencia 1: competencia en comunicación lingüística

Esta materia contribúe decisivamente ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman esta competencia. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de estudo, transfírense e aplícanse á aprendizaxe doutros coñecementos.

Competencias específicas que se desenvolven:

- 1.1.- Ler comprensiva e expresivamente textos diversos.
- 1.2.- Analizar e comprender textos orais e escritos de diversa tipoloxía, con diferentes modalidades discursivas e pertencentes a diferentes ámbitos.
- 1.3.- Producir mensaxes orais mantendo unha orde, unha coherencia e unha claridade aceptables na expresión lingüística e no rexistro empregado.
- 1.4.- Crear textos escritos con diferentes intencións axeitándoos á situación comunicativa, cun vocabulario rico e variado e respectando os criterios de corrección e presentación.
- 1.5.- Interpretar e valorar textos escritos e orais e expresar a opinión sobre eles de forma argumentada.
- 1.6.- Dominar as normas gramaticais e ortográficas.
- 1.7.- Ampliar significativamente o léxico e aplicalo axeitadamente en cada situación comunicativa.

Actividades de comprensión e expresión oral e escrita:

- 1.- Lecturas en voz alta de textos de diferentes tipos tendo en conta a expresividade, fluidez, pronunciación, entoación, velocidade adecuadas...
- 2.- Audicións: sobre textos que a continuación se presentan por escrito para ser lidos na clase – preténdese modelar a propia lectura en voz alta, axudando deste xeito a correxir a vocalización, entoación, etc.-, ou sobre textos que só se presentan de forma oral -con isto preténdese desenvolver a atención e a comprensión auditivas.
- 3.- Actividades de comprensión e expresión:

- Explicar o sentido do texto:
 - Realizar o resumo.
 - Comprender a idea xeral e a intención comunicativa do texto
 - Identificar o tema do texto recoñecendo os enunciados onde aparece explícito.
 - Distinguir as ideas principais.
 - Recoñecer o xeito en que está organizada a información
 - Extraer informacións concretas do texto.
 - Explicar significados de palabras, frases ou fragmentos do texto.
 - Identificar o tipo de texto e os seus rasgos característicos
 - Expresar a opinión sobre o tema do texto de forma argumentada.

Para a realización destas actividades poderase utilizar a expresión oral ou escrita segundo se estime oportuno. Cando se trate de producir textos orais valorarase a orde, a coherencia, a claridade, o rexistro empregado; nos textos escritos, ademais dos aspectos anteriores, terase en conta a presentación, a riqueza léxica e a corrección gramatical e ortográfica.

- Crear textos seguindo a tipoloxía, forma,... do texto lido ou escoitado. Dependendo do texto base, as actividades poden variar: escribir a continuación do texto, elaborar un diálogo, redactar unha noticia...

Temporalización:

Este tipo de actividades traballárase en todos os cursos xa que esta competencia é a base das nosas materias e ademais é imprescindible para poder acadar as outras competencias básicas. O único que varía dun curso a outro é a tipoloxía dos textos cos que se traballa.

En todas as unidades se desenvolven os bloques: “escoitar, falar, ler e escribir” que teñen como finalidade mellorar a comprensión e expresión oral e escrita polo que a interpretación e a creación de textos será unha práctica habitual na materia.

Instrumentos de avaliación:

- Probas escritas: preguntas sobre comprensión lectora e redacción.
- Traballos escritos en papel ou en soporte dixital
- Traballo diario na aula

Competencia 4: tratamento da información e competencia dixital

A materia contribúe ao tratamento da información e competencia dixital ao ter como unha das súas metas proporcionar coñecementos e destrezas para a búsqueda e selección de información relevante de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos. A búsqueda e selección de moitas destas informacións requirirá o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización de Internet. O emprego guiado destas búsquedas constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital. O currículo inclúe, ademais, o uso de soportes electrónicos na composición de textos, un dos contidos básicos desta materia. O coñecemento dos sistemas e modo de operar as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e do seu uso debe capacitar o alumnado para unha axeitada xestión da información atendendo a distintas finalidades.

Competencias específicas que se desenvolven:

4.1.- Coñecer as linguaxes e soportes máis frecuentes nos que a información adoita expresarse.

4.2.- Buscar, procesar e organizar a información coa axuda de diferentes fontes de documentación: bibliotecas, Internet – dicionarios dixitais, periódicos dixitais, webs educativas, blogs... enciclopedias en CDRom e DVD-Rom,

4.3.- Coñecer e manexar distintos medios tecnolóxicos que facilitan o acceso á literatura: libros dixitais, foros literarios e páxinas web especializadas.

4.4.- Compoñer textos mediante o uso de sistemas informáticos.

Actividades:

Serán de dous tipos:

1.- búsqueda de información.

2.- elaboración dun traballo, en soporte dixital, que recolla de xeito organizado e seguindo unha estrutura determinada as informacións atopadas.

En todos os niveis xirarán en torno a un tema común ás materias de Lingua Castelá e Lingua Galega e serán o punto de partida para as actividades que teñen como fin avaliar a competencia social e cidadá do alumnado:

1º ESO: a lírica.

2º ESO: o teatro.

3º ESO: dúas películas de tema común e relacionadas co teatro

4º ESO: os blogs.

Ademais destas actividades, ao longo do curso poderase traballar de forma máis puntual esta competencia, pedindo aos alumnos/as que busquen informacións variadas en diferentes fontes e sobre distintos temas.

Temporalización:

1º ESO: 2ª avaliación, aproximadamente en 6 sesións (tres clases de lingua galega e tres de lingua castelá, unha sesión semanal de cada unha). Está relacionado coa unidade 5 de lingua castelá e coas unidades 11 e 12 de lingua galega.

2º ESO: 3ª avaliación, aproximadamente en 6 sesións (tres clases de lingua galega e tres de lingua castelá). Está relacionado coas unidades da 3ª avaliación que tratan o xénero teatral.

3º ESO: 3ª avaliación, aproximadamente en 10 sesións (cinco clases de lingua galega e cinco de lingua castelá, unha sesión semanal de cada unha). Está relacionada cos contidos de literatura castelá que se traballarán nesta avaliación: o teatro barroco e aprobeitase para dar a coñecer a un autor importante na literatura galega do século XX: Álvaro Cunqueiro.

4º ESO: 2ª avaliación, aproximadamente en 7 sesións (catro clases de lingua galega e tres de lingua castelá unha sesión semanal de cada unha). Está relacionada cun tipo de textos que se traballan ao longo de todo o curso: os textos argumentativos.

Instrumentos de avaliación:

- Valoración do traballo entregado (presentación –corrección, claridade, orixinalidade; documentación –bibliografía empregada, información aportada)

- Valoración do traballo realizado na aula de informática

Competencia 5: competencia social e cidadá

A aprendizaxe da lingua, concebida como desenvolvemento da competencia comunicativa, contribúe decisivamente á desenvolver a competencia social e cidadá, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Por outra parte, a educación lingüística ten un compoñente estreitamente vinculado con esta competencia: a constatación da variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación. Tamén contribúe a esta competencia na medida en que se analizan os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuizos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de erradicar os usos discriminatorios da linguaxe. As actividades da clase de lingua castelá facilitánlle ao alumnado prepararse para participar de maneira construtiva nas actividades da comunidade, axudándolle a que teña unha visión crítica da realidade e adquira os coñecementos prácticos necesarios para o exercicio de valores democráticos e de dereitos civís.

Competencias específicas que se desenvolven:

5.1.- Valorar o diálogo como medio de entendemento e respecto entre as persoas, desenvolvendo unha actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais dos demais e amosando interese por compartir as opinións propias.

5.2.- Aproximarse á actualidade social, política e cultural a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación.

5.3.- Apreciar a literatura como elemento transmisor dos valores culturais dun pobo e das súas diferentes maneiras de entender a realidade.

5.4.- Desenvolver unha actitude reflexiva e crítica ante a información dos medios de comunicación.

5.5.- Coñecer e empregar diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.

Actividades:

Realización dun coloquio-debate. O tema estará relacionado con algún dos aspectos que se traballou para a competencia dixital. Antes do debate haberá unha fase previa que servirá para que os alumnos reflexionen sobre o tema que se lles propón.

1º ESO: Traballo en pequenos grupos sobre textos de cancións, previamente escoitadas na clase, pertencentes a distintos estilos, pero que teñen un tema en común: a violencia de xénero. Despois de reflexionar sobre o contido destes textos, establecerase o debate entre toda a clase.

2º ESO: Debaterase sobre o uso do galego. O punto de partida será unha representación teatral *–Bicos con lingua–* e a lectura dun dos textos nos que está baseada a obra, *Así é doutor* de Suso de Toro.

3º ESO: A partir da situación da película *Shakespeare in love* en que as mulleres non poden ser actrices, prepararase, na hora de lingua castelá, un debate sobre a presenza da muller en profesións consideradas tradicionalmente “de homes”. Antes de realizar este debate pedirase que busquen información sobre mulleres famosas e en que campo o foron e que reflexionen se existen profesións relacionadas co sexo das persoas. Na hora de lingua galega centrarase o debate sobre a igualdade de oportunidades na sociedade actual.

4º ESO: Antes de comezar o debate sobre a liberdade de expresión nos blogs e a responsabilidade dos autores sobre os contidos que se verten neles, reflexionarase sobre o tema a través da lectura de diferentes tipos de textos que o tratan: textos xornalísticos, normativas de participación dalgúns blogs e comentarios de blogueros a favor ou en contra.

Ademais destas actividades tratarase de desenvolver esta competencia ao longo do curso a través de traballos en grupo ou a través de determinados contidos.

Temporalización:

Realizarase, en todos os niveis, despois de terminar as actividades destinadas a traballar a competencia dixital, xa que estas serven de fase previa para a preparación do debate. Adicaranse, en principio, dúas clases, unha de cada materia.

Instrumentos de avaliación:

Valórase o traballo en pequeno grupo e a participación de cada alumno/a no debate seguindo as pautas que aparecen na ficha de avaliación. Esta ficha tamén é válida para avaliar esta competencia ao longo do curso.

Competencia 6: competencia artística e cultural:

A competencia cultural e artística supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, e utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal. A lectura, interpretación e avaliación das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recurrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Desde esta área trátase de capacitar ao alumnado para entender a linguaxe literaria, valorar os textos, establecer relacións entre estes e o contorno en que naceron, pero, sobre todo, ser capaz de gozar da lectura.

Competencias específicas que se desenvolven:

6.1.- Comprender e valorar os textos literarios aproximándose a eles a través da lectura, audicións, representacións teatrais,...

6.2.- Desenvolver a autonomía lectora e o aprecio pola literatura como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

6.3.- Coñecer as mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

6.4.- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver o criterio lector.

6.5.- Compoñer textos de forma creativa valorando o aspecto estético da linguaxe.

Actividades:

1.- Lecturas en voz alta de textos literarios tendo en conta a expresividade, fluidez, pronunciación, entoación, velocidade axeitadas a este tipo de textos: recitados, dramatizacións,...

2.- Actividades de comprensión:

- interpretación e valoración do contido dos textos.
- análise das formas de expresión, prestando especial atención aos recursos expresivos.
- relación do contido e as formas de expresión coa época en que se escribiu: comentario das características propias do movemento literario en que se inscribe.

3.- Actividades de expresión

- valoración persoal do texto – por escrito ou de forma oral.
- compoñer textos de forma creativa tomando como modelo os textos literarios comentados ou realizar transformacións neses textos.

Á hora de realizar todas estas actividades non debemos esquecer que o obxectivo fundamental é espertar o interese pola lectura de textos literarios, educar a sensibilidade ante os textos poéticos e facer que disfruten co pracer que aporta a lectura.

- 4.- Audicións de textos literarios e de cancións que teñan algún valor literario
- 5.- Asistencia a representacións teatrais ou visionado dalgúnha película.
- 6.- Lecturas de obras completas axeitadas á idade do alumnado.

Temporalización

Este tipo de actividades traballárase en todos os cursos e en todas avaliacións xa que non só son unha forma de mellorar a competencia lingüística, senón tamén por que son unha fonte de enriquecemento persoal, de coñecemento do mundo que nos rodea e por iso favorece o desenvolvemento da autonomía e a iniciativa persoal.

O comentario de textos literarios será unha práctica habitual nas dúas materias.

Instrumentos de avaliación:

- Probas ou traballos escritos
- Traballo diario na aula.

Competencia 7: aprender a aprender

A linguaxe, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia básica.

Os contidos desta área e etapa son instrumentais, e deben preparar o alumnado para seguir adquirindo coñecementos. É fundamental o feito de que o alumnado participe activa e progresivamente na construción do seu propio coñecemento, o que evidencia a relación da área de lingua castelá e literatura coa competencia para aprender a aprender. A clase de lingua castelá pode ser, pois, a pedra angular para a adquisición dos coñecementos e destrezas necesarios para que a persoa poida aprender en calquera situación.

Competencias específicas que se desenvolven:

- 7.1.- Relacionar as novas aprendizaxes cos coñecementos previos.
- 7.2.- Cooperar activamente nas situacións de aprendizaxe compartida con outros/as compañeiros/as.
- 7.3.- Incorporar a lectura e a escritura como formas de enriquecemento persoal.
- 7.4.- Revisar e autoavaliar actividades recoñecendo os erros cometidos e amosando interese por corrixilos.
- 7.5.- Utilizar as técnicas de traballo intelectual: o subraiado, o esquema, o resumo, as fichas e os apuntamentos.
- 7.6.- Valorar a regularidade e a constancia do traballo diario adoptando actitudes positivas cara o esforzo persoal.
- 7.7.- Sentir curiosidade e gusto por aprender e por realizar un traballo ben feito.

Actividades:

Todas as actividades que se fan ao longo do curso van encamiñadas a que o alumnado acade esta competencia, especialmente as que se refiren ás outras competencias: un alumno/a que teña a competencia lingüística ten maior capacidade para aprender calquera contido que se lle presente, o mesmo aquel/a que teña habilidades para atopar con facilidade informacións en diferentes fontes (tratamento da información e competencia dixital), ou o/a que saiba escoitar aos demais e saque proveito das intervencións dos outros e sexa capaz de expoñer as súas ideas de forma razoada (competencia social e cidadá),...

Temporalización:

Ao longo de todo o curso en todos os niveis da ESO.

Instrumentos de avaliación:

- Traballo diario na aula – intervencións orais, traballo en grupo, interese por realizar as actividades que se propoñen e por correxir os erros cometidos, participación, esforzo, emprego de técnicas de traballo intelectual para acadar un coñecemento máis significativo...
- Traballo na casa: entrega de tarefas nos prazos establecidos, lecturas das obras propostas, interese por ampliar os coñecementos mediante a búsqueda, en diferentes fontes, das informacións solicitadas

Competencia 8: autonomía e iniciativa persoal

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión. Por iso, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade cunha autonomía gradual.

Competencias específicas que se desenvolven:

- 8.1.- Expoñer as propias ideas con creatividade, responsabilidade, confianza e sentido crítico.
- 8.2.- Desenvolver actividades individuais e colectivas con creatividade, responsabilidade, perseverancia, confianza e sentido crítico.
- 8.3.- Integrarse en proxectos de traballo en equipo mostrando iniciativas e ideas propias.
- 8.4.- Valorar a lectura como fonte de coñecemento, creatividade, sensibilidade, análise e resolución de problemas con imaxinación... para favorecer o desenvolvemento da autonomía e a iniciativa persoal.
- 8.5.- Participación activa en situacións de comunicación propias do ámbito académico,
- 8.6.- Presentarse voluntario/a para a realización das tarefas: lectura en voz alta, corrección das actividades.
- 8.7.- Interesarse por buscar informacións sobre os temas propostos utilizando para iso diferentes fontes.

Actividades:

Moitas das actividades que se fan ao longo do curso contribúen a desenvolver esta competencia, sobre todo as relacionadas coa búsqueda e selección de información, co traballo en grupo, os debates, a lectura,...

Temporalización:

Ao longo de todo o curso en todos os niveis da ESO.

Instrumentos de avaliación:

- Traballo diario na aula
- Interese por buscar información.

Obxectivos

Valorar o galego como lingua propia de Galicia, comprendendo as circunstancias que condicionan o seu uso social.

Facer uso da lingua galega con normalidade nas diferentes situacións comunicativas.

Respectar aquelas persoas que utilicen unha lingua diferente.

Identificar os diferentes elementos que interveñen en calquera acto de comunicación.

Recoñecer e identificar os diferentes tipos de textos orais e escritos: informativos, expositivos, narrativos, descritivos, dialogados, poéticos, publicitarios,...

Diferenciar as ideas principais e as secundarias nos diversos tipos de texto, así como ser capaz de comprender o sentido global dos mesmos.

Escoitar con atención e respecto os demais sen interromper, distraer ou intentar acaparar a conversa.

Diferenciar, nos textos informativos e expositivos, os contidos obxectivos e subxectivos.

Valorar os textos como fonte de información, pracer, creatividade e proxección persoal.

Producir textos orais axeitados ás diferentes situacións e intencións comunicativas: informar, explicar, opinar, argumentar,... organizando coherentemente o contido.

Producir textos escritos axeitados ás necesidades das diferentes situacións comunicativas: cartas persoais, instancias, resumos, textos informativos,...

Falar con liberdade e seguridade, sen temor á crítica e vencendo a timidez.

Ampliar o vocabulario de maneira que se poidan expresar con claridade e precisión as ideas que se desexen transmitir.

Identificar os principais constituíntes da estrutura oracional.

Usar correctamente a concordancia, os nexos adecuados e demais estruturas básicas da lingua.

Coñecer e utilizar diferentes procedementos que nos permiten obter información: enciclopedias, dicionarios, medios de comunicación,...

Ler de maneira expresiva textos de diferentes tipos, tanto en prosa como en verso, tendo en conta: articulación, entoación, ton e intensidade de voz, acentuación e pausas.

Desenvolver o gusto pola lectura autónoma, como fonte de pracer e como medio idóneo para o coñecemento do mundo e para a formación persoal.

Recoñecer, nos textos narrativos, os seus elementos principais: a voz narradora, personaxes, o tempo e o espazo, os ambientes,...

Desenvolver o hábito de utilizar as diferentes bibliotecas ás que se teña acceso.

Usar os distintos medios de comunicación como fonte de información, formación e diversión.

Desenvolver, nas súas producións orais e escritas, unha linguaxe respectuosa cos diferentes grupos sociais.

Coñecer a estrutura e o soporte dos diferentes medios de comunicación.

Contidos por avaliación

1ª Avaliación	TEMAS 1- 4 VOCABULARIO: a saúde; a enfermidade; os alimentos; o emprego. O dicionario: tipos e informac. GRAMÁTICA: a comunicación, a palabra e a súa estrutura e clases. O enunciado. O verbo. ORTOGRAFÍA: o alfabeto galego, os dígrafos, a sílaba, ditongos, tritongos e hiatos.O son G, Z, B COMPOSICIÓN: os textos e os seus tipos. A narración e os seus elementos. A lenda. LITERATURA: a lingua literaria; literatura popular e culta. A prosa e o verso Libro de lectura: <i>Manolito ten un segredo</i> de Elvira Lindo.
2ª Avaliación	TEMAS 5 - 8 VOCABULARIO: as partes do corpo. As calidades persoais, A vivenda interior e exterior. GRAMÁTICA: a conxugación verbal. O adverbio. Os enlaces, O substantivo. O artigo. ORTOGRAFÍA: o son B. A grafía v .A grafía h. A grafía ll. A acentuación. COMPOSICIÓN: a descrición; o retrato. A guía e o catálogo. O diálogo; a conversa. LITERATURA: a rima, a estrofa, o poema, os recursos literarios. Libro de lectura: <i>O pazo baleiro</i> de Xabier P. Docampo.
3ª Avaliación	TEMAS 9 - 12 VOCABULARIO: o lecer e as afeccións, os sentimentos, as crenzas, a vestimenta. GRAMÁTICA: o adxectivo cualificativo. Os determinantes. Os pronotes persoais. ORTOGRAFÍA: o til diacrítico. Signos que limitan enunciados. O punto. A coma. Os dous puntos. COMPOSICIÓN: o diálogo. A entrevista. Os medios de comunicación. O xornal e os seus xéneros. LITERATURA: a poesía. As narracións tradicionais. As narracións cultas. O teatro. Libro de lectura: <i>Matilda</i> de Roald Dah

--	--



Competencias Básicas por tema:

		TEMAS											
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
C O M P E T E N C I A S	1	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7
	2												
	3												
	4					4.1,4.2, 4.4	4.1,4.2, 4.3,4.4	4.1,4.2, 4.3,4.4	4.1,4.2, 4.3,4.4	4.1,4.2, 4.3,4.4	4.1,4.2, 4.3,4.4		
	5	5.1,5.3	5.1,5.3	5.1,5.3	5.1,5.3	5.1,5.3	5.1,5.3 5.6	5.1,5.3 5.6	5.1,5.3 5.6	5.1,5.3 5.4,5.6	5.1,5.3 5.6	5.1,5.3, 5.6	5.1,5.2, 5.3,5.5. 5.6
	6	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5
	7	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,7.4	7.1,7.2, 7.3,7.4	7.1,7.2, 7.3,7.4
	8	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5

Competencias: 1.- Competencia en comunicación lingüística. 2.- Competencia matemática. 3.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. 4.- Tratamento da información e competencia dixital. 5.- Competencia social e cidadá. 6.- Competencia cultural e artística. 7.- Competencia para aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.

Contidos mínimos

Os contidos mínimos que o alumnado debe dominar para aprobar a materia están marcados cun asterisco.

Criterios de avaliación

Identificar clases de palabras.

Analizar a estrutura de diferentes palabras.

Identificar e analizar palabras parasintéticas, compostas, homónimas, primitivas e derivadas.

Identificación do prefixo e sufixo das palabras derivadas e saber o significado que achegan.

Identificar substantivos entre outras clases de palabras. Determinar o xénero de substantivos.

Cambiar o xénero e o número de substantivos.

Identificar formas verbais.

Coñecer e analizar a morfoloxía do verbo: formas persoais e nominais, número, persoa, tempo e modo.

Recoñecer, conxugar e analizar verbos regulares e irregulares.

Recoñecer os pronomes persoais tónicos e átonos. Saber utilizar correctamente as formas e as contraccións dos pronomes átonos.

Colocar correctamente os pronomes átonos no enunciado.

Identificar artigos determinados e indeterminados.

Recoñecer e empregar as contraccións do artigo determinado e indeterminado.

Recoñecer e empregar correctamente os determinantes posesivos, demostrativos, indefinidos e numerais.

Recoñecer e aplicar adxectivos.

Recoñecer os graos do adxectivo e utilizar correctamente as partículas comparativas.

Identificar e empregar adverbios e locucións adverbiais de distintos tipos.

Recoñecer e usar correctamente as preposicións.

Identificar e utilizar correctamente as letras do alfabeto galego.

Aplicar correctamente as regras de acentuación.

Empregar de forma correcta a coma, o punto e o punto e coma.

Utilizar correctamente as grafías c, z, qu, k, s e x.
Identificar palabras que deben levar ou non a letra h.
Utilizar e escribir correctamente palabras con b ou v.
Aplicación de regras ortográficas de uso das consoantes b/v.
Identificar textos literarios cos seus trazos característicos.
Identificar a estrutura, o narrador, o espazo e o tempo dunha narración Analizar a estrutura e a expresión dun texto narrativo.
Utilizar correctamente vocabulario estudado nos temas do libro
Saber interpretar a información presente no dicionario.

Metodoloxía didáctica

O proceso de ensino-aprendizaxe, nos bloques de contido, segue o procedemento da aprendizaxe natural, a partir do que saben e usan os e as estudantes ata o que aprenden, reflexionando sobre iso e asumíndoo como propio, para poder usalo. A clase convértese no medio idóneo para levar a cabo unha metodoloxía activa coa que o alumnado resolva problemas, utilizando e compartindo información, aprendendo a autoavaliar o proceso que seguiu co fin de chegar a ser máis capaz de conducirse autonomamente.

Os procedementos convértese no elemento vertebrador da área de lingua galega e literatura, pois deben levar ao alumnado ao desenvolvemento de habilidades na expresión e comprensión oral e escrita en contextos significativos, ademais de coñecer, valorar e gozar do feito literario, tendo sempre presente que os resultados, en educación, son a longo prazo, e que se concretan nunha competencia individual para a aprendizaxe posterior, dentro ou fóra das aulas.

Preténdese potenciar a capacidade de comunicación lingüística dos/-as alumnos/-as e propiciar a reflexión permanente sobre a linguaxe como medio de comunicación, de representación, de regulación da propia actividade e de goce estético.

Para acadar este principio, articúlanse os contidos de todas as unidades en torno a tres grandes bloques:

Bloque 1: LER, FALAR E ESCRIBIR

Iníciase cunha lectura que é, á vez, o punto de partida das actividades de “Comprensión y expresión oral y escrita”, e os seus contidos gardan relación coa habilidade comunicativa que se vai tratar no apartado “Os tipos de texto”. No apartado de comprensión e expresión oral e escrita propoñense unha serie de actividades de comprensión lectora e de expresión oral e escrita. No apartado dos textos e as súas clases estúdanse as principais características dos textos da vida cotiá e académica e tamén os textos dos medios de comunicación cercanos aos intereses do alumnado. A continuación inclúense actividades de comprensión e expresión oral e escrita, acompañadas con textos cortos complementarios co obxectivo de mellorar a expresión oral e escrita do alumnado.

Bloque 2: COÑECEMENTO DA LINGUA

Analízanse os mecanismos da lingua que permitirán mellorar a competencia gramatical do alumnado partindo de oracións, expresións ou palabras procedentes do texto da lectura inicial de cada unidade. O bloque consta de tres apartados:

- Gramática: analízanse as palabras -a súa estrutura e as súas clases- e a oración. Todo isto apoiado con actividades de comprobación e consolidación que presentan dificultade progresiva e unha gran variedade de estratexias e destrezas.

- Léxico: estúdase o uso do dicionario, a formación de palabras por medio da derivación e a composición, as locucións e os coñecementos básicos das relacións semánticas. A continuación trabállase, a través de variados tipos de actividades, o vocabulario temático, centrado en diversas actividades.
- Ortografía: trabállanse, de maneira práctica, as regras básicas e produtivas das letras, as regras xerais de acentuación e os signos de puntuación a través de diversos tipos de actividades.

Bloque 3: EDUCACIÓN LITERARIA

Analízanse os recursos lingüísticos e as características dos xéneros literarios a partir de fragmentos de textos axeitados á idade do alumnado e unha serie de actividades para levar a cabo a comprensión lectora de ditos textos e a práctica da expresión oral e escrita.

Ao finalizar o estudo dos tres bloques realízanse unha serie de actividades de reforzo e ampliación para traballar a diversidade na aula. Propóñense actividades para repasar e ampliar os contidos dos tres bloques estudados na unidade.

Ao longo do curso tamén se traballarán as técnicas para a búsqueda de información en bibliotecas e Internet (actividades TIC) e técnicas de elaboración de ideas (subliñados, esquemas, resumos,...)

Procedementos de avaliación

Actitude	20 %		
Conceptos e procedementos	80 %	Probas escritas:	X
		Traballos / expresión escrita	X
		Expresión oral	X

Farase unha proba escrita, puntuada sobre 8, ao final de cada dous temas.

Será avaliación continua nos aspectos gramaticais.

Na revisión de cadernos terase en conta a presentación, caligrafía, ortografía e exercicios.

A cualificación de cada avaliación resultará da nota media resultante das dúas probas escritas á que se lle sumará a nota obtida en actitude.

Para aprobar a avaliación é necesario que a anterior suma dea como mínimo un 5.

A nota final de curso será a nota media das tres avaliacións.

Farase unha proba escrita do libro de lectura en cada avaliación: puntuará entre 0 e 0,5, cualificación que se sumará á nota global.

Actividades de recuperación

Cando os/as alumnos/-as non acaden os obxectivos poderanse propoñer actividades diversas orientadas a que consigan acadar os contidos mínimos. Ademais ofréceneselles a posibilidade (sempre que o horario do departamento o permita) de asistir a unha clase de reforzo fóra do seu horario lectivo coa finalidade de traballar aqueles aspectos que lle resultan máis complicados e lle impiden aprobar a materia.

Contribución ao Proxecto Lector

O plan lector do Departamento de Lingua galega e literatura segue basicamente a liña adoptada nos últimos cursos.

Conscientes de que a lectura constitúe unha actividade clave na educación do alumnado – xa que o seu dominio abre as portas de novos coñecementos- pretendemos contribuír á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector do seguinte xeito:

1- Lectura comprensiva

Nos catro cursos da Eso faranse catro lecturas comprensivas por avaliación, seguindo as propostas dos libros de texto correspondentes.

2- Lectura de escolma de autores

Na parte correspondente á literatura leranse poemas, relatos ou fragmentos de obras dos autores máis representativos. Segundo o nivel farase un comentario de texto de menor ou maior dificultade.

3- Lectura e construción de diferentes tipos de texto

Coñecer e construír os distintos tipos de texto básicos: narrativo, descritivo, dialogado, argumentativo e expositivo, segundo a programación didáctica.

4- Obras de lectura

Nos catro cursos da Eso haberá unha obra de lectura obrigatoria por avaliación.

En 3º e 4º o alumnado terá a posibilidade de ler voluntariamente outra das obras propostas (citadas todas na programación didáctica).

Especial atención á lectura farase en 3º e 4º de Diversificación curricular, onde se dedicarán dúas sesións semanais á lectura conxunta dun libro escollido polas profesoras.

En xeral, para o plan lector remitirémonos á programación didáctica na que tanto nos contidos procedementais como actitudinais a lectura, o seu fomento e a súa valoración aparecen como base fundamental do currículo desta materia.

Contribución ao Plan de Integración das TICs

Ao longo do curso pasado os membros do departamento, en colaboración co Departamento de Lingua Castelá, elaboraron tarefas para o desenvolvemento das competencias básicas nos distintos cursos da ESO. Entre elas están as destinadas a mellorar a competencia dixital.

As actividades deseñadas para desenvolver esta competencia son basicamente de 2 tipos:

1.- Búsqueda de información utilizando as novas tecnoloxías: dicionarios dixitais, páxinas Web, periódicos dixitais, blogs, foros,...

2.- Elaboración de traballos que recollen de forma organizada a información atopada nos distintos medios. Para iso deben aproveitar as vantaxes que ofrecen os procesadores de texto xa que teñen que ser entregados en soporte dixital ou enviados a través do correo electrónico.

En 1º da ESO as actividades xiran en torno a un tema común aos dous departamentos: a lírica. Utilizando as novas tecnoloxías, e a través do uso de dicionarios dixitais, páxinas especializadas en literatura e xornais dixitais, terán que buscar a información que se lles vai solicitando, seleccionándoa e organizándoa para a elaboración, en formato dixital, dun traballo monográfico sobre o tema seguindo un esquema previo e utilizando todas as vantaxes que ofrecen os procesadores de textos –negriña, sangrados, correctores ortográficos, etc.

Ademais destas actividades, ao longo do curso poderase traballar de forma máis puntual esta competencia, pedindo aos alumnos/as que busquen informacións variadas en diferentes fontes e sobre distintos temas.

Materiais e recursos didácticos

Libro de texto: Lingua e Literatura 1º Eso. Ed. Obradoiro Santillana, Proxecto Casa do Saber.

Dicionarios, taboleiros, material fotocopiado, biblioteca, material audiovisual.

Actividades complementarias e extraescolares

Visitas culturais a museos, salas de exposición, castros,..vencelladas coa cultura galega.

Asistencia a conferencias, charlas, mesas redondas, representacións teatrais... que teñan lugar no Centro ou fóra del e que o Departamento considere de interese para a formación do alumnado na lingua, literatura ou cultura galegas.

Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade está contemplada na metodoloxía, nas estratexias didácticas concretas que se van aplicar na aula e nos materiais utilizados.

As clases serán fundamentalmente prácticas. A carga teórica será o máis sinxela posible e tratarase de que os conceptos sexan asimilados gracias á abundancia de actividades que se levan a cabo.

Cada unidade péchase con actividades de reforzo e ampliación para traballar a diversidade na aula, repasando os contidos básicos estudados.

2º ESO

Obxectivos.

Valorar o galego como lingua propia de Galicia, comprendendo as circunstancias que condicionan o seu uso social.

Facer uso da lingua galega con normalidade nas diferentes situacións comunicativas.

Respectar aquelas persoas que utilicen unha lingua diferente.

Identificar os diferentes elementos que interveñen en calquera acto de comunicación.

Recoñecer e identificar os diferentes tipos de textos orais e escritos: informativos, expositivos, narrativos, descritivos, dialogados, poéticos, publicitarios,...

Diferenciar as ideas principais e as secundarias nos diversos tipos de texto, así como ser capaz de comprender o sentido global dos mesmos.

Escoitar con atención e respecto os demais sen interromper, distraer ou intentar acaparar a conversa.

Diferenciar, nos textos informativos e expositivos, os contidos obxectivos e subxectivos.

Valorar os textos como fonte de información, pracer, creatividade e proxección persoal.

Producir textos orais axeitados ás diferentes situacións e intencións comunicativas: informar, explicar, opinar, argumentar,... organizando coherentemente o contido.

Producir textos escritos axeitados ás necesidades das diferentes situacións comunicativas: cartas persoais, instancias, resumos, textos informativos,...

Falar con liberdade e seguridade, sen temor á crítica e vencendo a timidez.

Ampliar o vocabulario de maneira que se poidan expresar con claridade e precisión as ideas que se desexen transmitir.

Identificar os principais constituíntes da estrutura oracional.

Usar correctamente a concordancia, os nexos adecuados e demais estruturas básicas da lingua.

Coñecer e utilizar diferentes procedementos que nos permiten obter información: enciclopedias, dicionarios, medios de comunicación,...

Ler de maneira expresiva textos de diferentes tipos, tanto en prosa como en verso, tendo en conta: articulación, entoación, ton e intensidade de voz, acentuación e pausas.

Desenvolver o gusto pola lectura autónoma, como fonte de pracer e como medio idóneo para o coñecemento do mundo e para a formación persoal.

Recoñecer, nos textos narrativos, os seus elementos principais: a voz narradora, personaxes, o tempo e o espazo, os ambientes,...

Desenvolver o hábito de utilizar as diferentes bibliotecas ás que se teña acceso.

Usar os distintos medios de comunicación como fonte de información, formación e diversión.

Desenvolver, nas súas producións orais e escritas, unha linguaxe respectuosa cos diferentes grupos sociais.

Coñecer a estrutura e o soporte dos diferentes medios de comunicación.

Contidos por avaliación

1ª a v a l i a c i ó n	TEMAS 1 - 4: VOCABULARIO: *a actividade escolar, os seres míticos, a imaxinación, a pintura; *a polisemia, a sinonimia, a antonimia, a hiperonimia e a hiponimia. GRAMÁTICA: a linguaxe e a súa organización; *a oración, modalidade oracional; *o suxeito, oracións impersonais; *o predicado ORTOGRAFÍA: *reglas xerais; *división de palabras; *uso de maiúsculas; *acentuación. COMPOSICIÓN: comunicación oral e escrita; *os textos narrativos; *a descrición. LITERATURA: xéneros literarios; *a narrativa e características; narracións tradicionais e cultas. Libro de lectura: <i>Momo</i> de Michael Ende
2ª a v a l i a c i ó n	TEMAS 5 - 8: VOCABULARIO: *as embarcacións, o tempo meteorolóxico, a Administración, a economía. *A hominimia. Sentido literal e figurado; denotación e connotación; *palabras tabú e eufemismos. GRAMÁTICA: *os complementos e as súas clases; *complementos do verbo e do substantivo. ORTOGRAFÍA: *acentuación de ditongos, tritongos e hiatos; *casos especiais de acentuación; *o acento diacrítico; os dous puntos e as comiñas. COMPOSICIÓN: *a exposición; os textos expositivos; *a argumentación; os textos argumentativos. LITERATURA: A poesía, características; *análise métrica, verso e rima; a estrofa e o poema; *os recursos literarios. Libro de lectura; <i>A casa da luz</i> de Xabier P. Docampo

3ª	TEMAS 9 - 12:
a	VOCABULARIO: *a comunicación; o turismo; o ciclismo; as viaxes. *Orixe do léxico; *palabras patrimoniais e cultismos;
v	*préstamos e estranxeirismos.
a	GRAMÁTICA: oracións copulativas e predicativas; transitivas e intransitivas; *análise da oracións simple.
l	ORTOGRAFÍA: as parénteses e a raia; abreviaturas e siglas; *grupos consonánticos.
i	COMPOSICIÓN: a publicidade, o anuncio publicitario; a noticia; a crónica; a reportaxe.
a	LITERATURA: líricas popular e culta; *o teatro: características e subxéneros.
c	
i	Libro de lectura; <i>Os nenos numerados</i> de Xoán Farias
ó	
n	

Competencias Básicas por tema:

		TEMAS											
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
C O M P E T E N C I A S	1	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7
	2												
	3												
	4					4.1,4.2, 4.4	4.1,4.2, 4.3,4.4	4.1,4.2, 4.3,4.4	4.1,4.2, 4.3,4.4	4.1,4.2, 4.3,4.4	4.1,4.2, 4.3,4.4		
	5	5.1,5.3	5.1,5.3	5.1,5.3	5.1,5.3	5.1,5.3	5.1,5.3 5.6	5.1,5.3 5.6	5.1,5.3 5.6	5.1,5.3 5.4,5.6	5.1,5.3 5.6	5.1,5.3, 5.6	5.1,5.2, 5.3,5.5. 5.6
	6	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5	6.1,6.2, 6.3,6.4, 6.5
	7	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,	7.1,7.2, 7.3,7.4	7.1,7.2, 7.3,7.4	7.1,7.2, 7.3,7.4
	8	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5

Competencias: 1.- Competencia en comunicación lingüística. 2.- Competencia matemática. 3.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. 4.- Tratamento da información e competencia dixital. 5.- Competencia social e cidadá. 6.- Competencia cultural e artística. 7.- Competencia para aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.

Contidos mínimos

Os contidos mínimos que o alumnado debe dominar para a probar a materia, están marcados cun asterisco.

Criterios de avaliación

Lectura comprensiva

Expresión oral e escrita axeitada ao seu nivel.

Vocabulario relacionado cos temas tratados no libro de texto.

Uso de maiúsculas e minúsculas.

Relacións semánticas: sinonimia, antonimia e polisemia.

Clases de sintagmas.

Estructura dos sintagmas nominal e verbal.

Estructura da oración: suxeito e predicado.

Os complementos do verbo.

Oracións copulativas e predicativas.

Oracións activas e pasivas.

Oracións transitivas e intransitivas.

Oracións reflexivas, recíprocas e impersonais.

Clases de oracións segundo a actitude do falante.

Os ditongos.

A acentuación.

Casos especiais de acentuación.

A acentuación diacrítica.

Os grupos consonánticos.

Características da narrativa.

Características da poesía.

Análise métrica.

Recoñecemento das figuras literarias máis características: anáfora, epíteto, ironía, metáfora, onomatopea, personificación, paralelismo.

Características do teatro.

Metodoloxía didáctica

. O proceso de ensino-aprendizaxe, nos bloques de contido, segue o procedemento da aprendizaxe natural, a partir do que saben e usan os e as estudantes ata o que aprenden, reflexionando sobre iso e asumíndoo como propio, para poder usalo. A clase convértese no medio idóneo para levar a

cabo unha metodoloxía activa coa que o alumnado resolva problemas, utilizando e compartindo información, aprendendo a autoavaliar o proceso que seguiu co fin de chegar a ser máis capaz de conducirse autonomamente.

Os procedementos convértense no elemento vertebrador da área de lingua galega e literatura, pois deben levar ao alumnado ao desenvolvemento de habilidades na expresión e comprensión oral e escrita en contextos significativos, ademais de coñecer, valorar e gozar do feito literario, tendo sempre presente que os resultados, en educación, son a longo prazo, e que se concretan nunha competencia individual para a aprendizaxe posterior, dentro ou fóra das aulas.

Preténdese potenciar a capacidade de comunicación lingüística dos/-as alumnos/-as e propiciar a reflexión permanente sobre a linguaxe como medio de comunicación, de representación, de regulación da propia actividade e de goce estético.

Para acadar este principio, articúlanse os contidos de todas as unidades en torno a tres grandes bloques:

Bloque 1: FALAR, LER E ESCRIBIR

Este primeiro bloque inclúe unha lectura inicial seguida dun comentario de texto que guía a comprensión do seu contido, estrutura e forma de expresión. Pártese de textos variados –literarios, do ámbito cotiá e dos medios de comunicación-, de xeito que os alumnos poden analizar como se empregan as diferentes modalidades en ámbitos expresivos diversos.

O contido e a forma desta lectura inicial dá pé ao estudo de diversos tipos textuais –escritos e/ou orais-, que se guía por medio de diversas actividades de comprensión e expresión.

Preténdese que os alumnos non asocien un determinado contido a un único tipo textual e que se fagan conscientes da variedade de procedementos lingüísticos que teñen á súa disposición á hora de expresar un mesmo contido con fins diferentes.

Neste bloque trabállase a atención e comprensión auditivas mediante audicións que, ademais, tratan de modelar a lectura en voz alta do alumno: vocalización, entoación,...

Bloque 2: COÑECEMENTO DA LINGUA

A finalidade deste bloque é o uso reflexivo da lingua. Céntrase no estudo das diferentes categorías gramaticais na súa dimensión sintáctica e na súa aplicación nos textos. Preténdese así que o estudo gramatical non perda a súa conexión coa dimensión real da linguaxe: actos verbais en diversas situacións comunicativas que deben ser realizados con coherencia, corrección e adecuación.

Este bloque complétase cun apartado de léxico e outro de ortografía que aportan información e propoñen actividades para que se comprendan, respectivamente, as relacións semánticas entre palabras e se aplique a correcta grafía en función da clase gramatical e a coherencia e cohesión polo emprego dos signos de puntuación.

Bloque 3: EDUCACIÓN LITERARIA:

Ten como obxectivo analizar os diferentes subxéneros literarios, de xeito que os alumnos perciban as súas peculiaridades e coñezan a súa evolución, así como as obras e autores máis representativos. Os contidos teóricos que integran cada unidade serán ampliados e complementados co estudo de textos e as actividades que guían ao alumno na súa comprensión.

Tamén neste bloque traballárase a lectura en voz alta, o recitado de textos,... mediante audicións que lles sirvan de modelo.

Por último, trabállanse as técnicas para a búsqueda de información en dicionarios, as tecnoloxías da información e a comunicación e as técnicas de composición de textos a través dun anexo que aparece ao final do libro de texto.

Procedementos de avaliación

Actitude	20,00%		
Conceptos e Procedementos	80,00%	Probas escritas:	X
		Traballos / expresión escrita	X
		Expresión oral	X

Farase unha proba escrita, puntuada sobre 8, ao final de cada dous temas.

Será avaliación continua nos aspectos gramaticais.

Na revisión de cadernos terase en conta a presentación, caligrafía, ortografía e exercicios.

A cualificación de cada avaliación resultará da nota media resultante das dúas probas escritas á que se lle sumará a nota obtida en actitude.

Para aprobar a avaliación é necesario que a anterior suma dea como mínimo un 5.

Para a nota final de curso, a cualificación obtida na 3ª avaliación puntuará dobre.

Farase unha proba escrita do libro de lectura en cada avaliación: puntuará entre 0 e 0,5, puntuación que se sumará á nota global.

Actividades de recuperación

O alumnado que teña a Lingua galega e literatura de 1º Eso pendente realizará dúas probas escritas ao longo do curso, unha por cada seis temas, segundo os contidos da programación. A cualificación de cada unha destas probas suporá un 80% da nota. Entregáranse-lles exercicios sobre a materia que se valorarán cun 20%. Se a nota media das dúas avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final de todo o temario de 1º en Maio.

Cando os/as alumnos/-as de 2º da Eso non acaden os obxectivos poderanse propoñer actividades diversas orientadas a que consigan acadar os contidos mínimos.

Ademáis ofréceselles a posibilidade (sempre que o horario do departamento o permita) de asistir a unha clase de reforzo fóra do seu horario lectivo coa finalidade de traballar aqueles aspectos que lle resultan máis complicados e lle impiden aprobar a materia.

Contribución ao Proxecto Lector

O plan lector do Departamento de Lingua galega e literatura segue basicamente a liña adoptada nos últimos cursos.

Conscientes de que a lectura constitúe unha actividade clave na educación do alumnado – xa que o seu dominio abre as portas de novos coñecementos- pretendemos contribuír á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector do seguinte xeito:

1- Lectura comprensiva

Nos catro cursos da Eso faranse catro lecturas comprensivas por avaliación, seguindo as propostas dos libros de texto correspondentes.

2- Lectura de escolma de autores

Na parte correspondente á literatura leranse poemas, relatos ou fragmentos de obras dos autores máis representativos. Segundo o nivel farase un comentario de texto de menor ou maior dificultade.

3- Lectura e construción de diferentes tipos de texto

Cofecer e construír os distintos tipos de texto básicos: narrativo, descritivo, dialogado, argumentativo e expositivo, segundo a programación didáctica.

4- Obras de lectura

Nos catro cursos da Eso haberá unha obra de lectura obrigatoria por avaliación.

En 3º e 4º o alumnado terá a posibilidade de ler voluntariamente outra das obras propostas (citadas todas na programación didáctica).

Especial atención á lectura farase en 3º e 4º de Diversificación curricular, onde se dedicarán dúas sesións semanais á lectura conxunta dun libro escollido polas profesoras.

En xeral, para o plan lector remitirémonos á programación didáctica na que tanto nos contidos procedementais como actitudinais a lectura, o seu fomento e a súa valoración aparecen como base fundamental do currículo desta materia.

Contribución ao Plan de Integración das TICs

Ao longo do curso pasado os membros do departamento, en colaboración co Departamento de Lingua Castelá, elaboraron tarefas para o desenvolvemento das competencias básicas nos distintos cursos da ESO. Entre elas están as destinadas a mellorar a competencia dixital.

As actividades deseñadas para desenvolver esta competencia son basicamente de 2 tipos:

1.- Búsqueda de información utilizando as novas tecnoloxías: dicionarios dixitais, páxinas Web, periódicos dixitais, blogs, foros,...

2.- Elaboración de traballos que recollen de forma organizada a información atopada nos distintos medios. Para iso deben aproveitar as vantaxes que ofrecen os procesadores de texto xa que teñen que ser entregados en soporte dixital ou enviados a través do correo electrónico.

En 2º da ESO as actividades xiran en torno a un tema común aos dous departamentos: o teatro. Utilizando as novas tecnoloxías, e a través do uso de dicionarios dixitais, páxinas especializadas en literatura e xornais dixitais, terán que buscar a información que se lles vai solicitando, seleccionándoa e organizándoa para a elaboración, en formato dixital, dun traballo monográfico sobre o tema seguindo un esquema previo e utilizando todas as vantaxes que ofrecen os procesadores de textos –negriña, sangrados, correctores ortográficos, etc.

Ademais destas actividades, ao longo do curso poderase traballar de forma máis puntual esta competencia, pedindo aos alumnos/as que busquen informacións variadas en diferentes fontes e sobre distintos temas.

Materiais e recursos didácticos

Libro de texto: Lingua e Literatura 2º Eso. Ed. Obradoiro Santillana, Proxecto Casa do Saber.

Dicionarios, taboleiros, material fotocopiado, biblioteca, material audiovisual

Actividades complementarias e extraescolares

Visitas culturais a museos, salas de exposición, castros,..vencelladas coa cultura galega.

Asistencia a conferencias, charlas, mesas redondas, representacións teatrais... que teñan lugar no Centro ou fóra del e que o Departamento considere de interese para a formación do alumnado na lingua, literatura ou cultura galegas.

Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade está contemplada na metodoloxía, nas estratexias didácticas concretas que se van aplicar na aula e nos materiais utilizados.

As clases serán fundamentalmente prácticas. A carga teórica será o máis sinxela posible e tratarase de que os conceptos sexan asimilados gracias á abundancia de actividades que se levan a cabo.

Cada unidade péchase con actividades de reforzo e ampliación para traballar a diversidade na aula, repasando os contidos básicos estudados.

Ademais disto, segundo se indica na circular 8/2009 da Dirección de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, o alumnado que accedeu a este curso por imperativo legal ou que repita o curso, disporán dunha hora de reforzo de Lingua Galega dentro do seu horario lectivo. Estas clases de reforzo están orientadas á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado tutor do curso anterior no informe de avaliación final e considerando a información obtida no proceso da avaliación inicial.

3º ESO

Obxectivos.

Reforzar e ampliar vocabulario sobre os diferentes temas de cada unidade.

Recoñecer castelanismos e corrixilos.

Saber utilizar correctamente o dicionario e coñecer a utilidade de diferentes tipos de dicionario

Saber interpretar toda a información que achegan os dicionarios.

Definir o signo e os elementos da comunicación.

Coñecer as principais funcións da linguaxe.

Utilizar xentilicios de vilas galegas e formar xentilicios de países.

Coñecer e aplicar as regras de acentuación e til diacrítico. Repasar as regras de acentuación en casos especiais.

Utilizar correctamente os signos de interrogación e exclamación, uso do guión e da raia, dous puntos e dos puntos suspensivos, uso da coma , o punto e

o punto e coma ,as comiñas e as parénteses , o guión e a raia.
Clasificar o substantivo polo seu significado. Analizar a morfoloxía do substantivo.
Recoñecer a función sintáctica do substantivo. Definir o concepto de sintagma nominal.
Recoñecer valores significativos das variacións de xénero no substantivo.
Saber formar o feminino e o plural de substantivos e adxectivos.
Aplicarlles o xénero correcto aos substantivos e adxectivos.
Recoñecer os graos do adxectivo. Utilizar correctamente as partículas comparativas.
Coñecer o concepto de determinante.
Usar correctamente os artigos e as contraccións.
Identificar e utilizar correctamente posesivos, demostrativos, indefinidos e numerais e recoñecer a súa función.
Definir o concepto de pronome persoal.
Identificar e analizar pronomes persoais tónicos e átonos.
Saber empregar as formas de cortesía.
Utilizar correctamente as formas contractas dos pronomes persoais tónicos e átonos.
Coñecer as regras de colocación do pronome átono no enunciado e aplicalas correctamente.
Diferenciar a raíz das desinencias verbais.
Coñecer os modelos da conxugación verbal.
Comprender a conxugación verbal galega e identificar os tempos verbais.
Empregar con corrección verbos de alternancia vocálica.
Recoñecer e utilizar axeitadamente os verbos irregulares.
Utilizar de forma correcta as construcións con xerundio.
Identificar perífrases verbais e indicar o seu valor.
Coñecer as formas nominais do verbo e recoñecer o infinitivo conxugado.
Recoñecer adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.
Coñecer os procesos de formación de palabras novas e distinguir os lexemas dos morfemas.
Recoñecer palabras compostas e analizar os seus compoñentes.
Recoñecer o proceso de prefixación e explicar o significado dos prefixos.
Recoñecer palabras derivadas por sufixación e analizar os seus sufixos.
Identificar palabras formadas polo procedemento da parasíntese.
Comprender o concepto de literatura e a finalidade da linguaxe literaria.
Explicar cales son os xéneros literarios.
Coñecer e interpretar recursos e figuras literarias.
Coñecer os trazos fundamentais e os xéneros representativos da literatura galega medieval.
Ler e interpretar o contido de diversas cantigas medievais.

Coñecer factores históricos e culturais que determinan o período literario dos Séculos Escuros.
Saber cales son as principais características da produción literaria galega nos Séculos Escuros.
Analizar e comprender textos dos Séculos Escuros.
Saber o que é o prerrexurdimento e as circunstancias históricas e sociais que o determinan.
Saber o que é o Rexurdimento e explicar os aspectos culturais e literarios máis importantes.
Coñecer trazos da vida de Rosalía de Castro e as principais características da súa obra.
Ler e interpretar poemas de Rosalía de Castro.
Coñecer trazos básicos da vida e da obra de M. Curros Enríquez.
Ler e interpretar algúns poemas de M. Curros Enríquez.
Coñecer trazos básicos da vida e da obra de Eduardo Pondal.
Ler e interpretar algúns poemas de Eduardo Pondal.
Coñecer o nacemento da lingua galega.
Saber explicar o que é o bilingüismo, a diglosia e analizar as actitudes lingüísticas en Galicia.
Definir os termos normalización e normativización

Contidos por avaliación

1ª avaliación:

TEMAS 1-4:

VOCABULARIO: *a cidade e a aldea, o medo, os medios de transporte e as plantas e as árbores. O signo lingüístico. *A polisemia. *Os campos léxicos. *As familias de palabras. *A derivación: prefixos.

GRAMÁTICA: a lingua e a súa organización. *O substantivo. *O adxectivo.

ORTOGRAFÍA: a sílaba. *A acentuación.

LINGUA E SOCIEDADE: historia social do galego.

LITERATURA: introdución ao estudo da literatura. Idade Media. *Cantiga de amigo e de amor.

Lecturas: (o alumnado escollerá unha)

Aire negro , Agustín Fernández Paz

Tristes armas , Marina Mayoral

Un ollo de vidro.Memorias dun esquelete, Castelao

2ª avaliación

TEMAS 5-8:

VOCABULARIO: *os animais, a música, a medicina e a seguridade. *A derivación: sufixos.

GRAMÁTICA: *os determinantes. *O pronome persoal. *O verbo (I)

ORTOGRAFÍA: *uso das grafías.

LINGUA E SOCIEDADE: unidade e variedade da lingua.

LITERATURA: *cantiga de escarnio. Lírica relixiosa. Prosa medieval. *Séculos escuros. *Prerrexurdimento.

Lecturas: (o alumnado escollerá unha)

O crepúsculo e as formigas, X. L. Méndez Ferrín

Anxos en tempos de chuvia, Miguel Vázquez Freire

Caderno de agosto, Alice Vieira

3ª avaliación:

TEMAS 9-12:

VOCABULARIO: *a internet, a ecoloxía, as tradicións, a radio e a televisión. *A composición. A parasíntese. *Palabras patrimoniais. Palabras cultas e semicultas.

GRAMÁTICA: *o verbo (II). *O adverbio. *A preposición. *A conxunción. *A interxección.

ORTOGRAFÍA: *signos de puntuación

LINGUA E SOCIEDADE: bilingüismo e diglosia. Lexislación lingüística.

LITERATURA: *O Rexurdimento. *Rosalía, Curros e Pondal.

Lecturas: (o alumnado escollerá unha)

O novo diario dun xove maniático, Aidan Macfarlane, ann McPherson

As cousas claras, Xosé A. Neira Cruz

Unha estrela no vento, Leticia Costas

[illegible][illegible]

Competencias: 1.- Competencia en comunicación lingüística. 2.- Competencia matemática. 3.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. 4.- Tratamento da información e competencia dixital. 5.- Competencia social e cidadá. 6.- Competencia cultural e artística. 7.- Competencia para aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.

Contidos mínimos

Os contidos mínimos que o alumnado debe dominar para aprobar a materia están marcados cun asterisco.

Criterios de avaliación

Recoñecer e explicar vocabulario dun texto dado.

Saber utilizar correctamente o dicionario.

Definir conceptos como comunicación, lingua e linguaxe, signo lingüístico e os seus constituíntes.

Recoñecer elementos do proceso comunicativo e as principais funcións da linguaxe.

Aplicar correctamente as regras de acentuación e do til diacrítico.

Utilizar correctamente os signos de puntuación.

Recoñecer e corrixir castelanismos.

Clasificar substantivos aplicando criterios semánticos.

Aplicar correctamente o xénero que lles corresponde aos substantivos. e adxectivos.

Formar o feminino e o plural de palabras.

Identificar adxectivos.

Clasificar adxectivos desde o punto de vista morfolóxico e do significado.

Analizar e aplicar os graos do adxectivo.

Explicar a función do artigo e coñecer as súas formas.

Utilizar correctamente as contraccións do artigo coas preposicións.

Identificar posesivos, demostrativos, numerais e indefinidos en oracións e en textos.

Analizar a forma e a función dos posesivos, demostrativos, numerais e indefinidos.

Escribir correctamente as formas dos posesivos, demostrativos, numerais e indefinidos.

Recoñecer pronomes persoais átonos e analízalos.

Diferenciar os pronomes persoais tónicos dos átonos.

Utilizar correctamente as contraccións dos pronomes tónicos coas preposicións.

Saber empregar os pronomes tónicos de cortesía.

Utilizar correctamente as formas de segunda e terceira persoa dos pronomes persoais átonos.

Realizar as concorrencias pronominais con corrección.

Colocar correctamente os pronomes átonos no enunciado.

Escribir correctamente as formas dos posesivos, demostrativos, numerais e indefinidos.
Identificar posesivos, demostrativos, numerais e indefinidos en oracións e en textos.
Analizar a forma e a función dos posesivos, demostrativos, numerais e indefinidos.
Identificar e analizar sintagmas nominais.
Identificar verbos regulares e verbos irregulares
Saber conxugar e analizar morfoloxicamente formas verbais.
Conxugar correctamente formas verbais con alternancia vocálica e verbos irregulares.
Identificar formas nominais do verbo.
Recoñecer perífrases verbais e analizar o seu valor.
Saber conxugar o infinitivo conxugado e coñecer casos de uso.
Identificar formas regulares e irregulares do participio.
Utilizar correctamente o xerundio.
Identificar conxuncións, preposicións, adverbios e interxeccións.
Definir o concepto de literatura e as súas funcións principais.
Recoñecer os xéneros literarios e as principais figuras estilísticas.
Coñecer os tipos de cantigas e as súas principais características.
Explicar factores políticos e culturais que determinan o período literario dos Séculos Escuros.
Saber cales son as principais producións literarias dos Séculos Escuros.
Explicar o que é o prerrexurdimento e os factores históricos, sociais e lingüísticos que o caracterizan.
Nomear autores representativos do prerrexurdimento.
Explicar o que é o Rexurdimento e os aspectos culturais e literarios máis importantes deste período.
Explicar características principais da vida e da obra de Rosalía de Castro.
Interpretar poemas de Rosalía de Castro.
Explicar trazos significativos da vida e da obra de Manuel Curros Enríquez. Explicar características temáticas da obra de Eduardo Pondal.

Metodoloxía didáctica

O proceso de ensino-aprendizaxe, nos bloques de contido, segue o procedemento da aprendizaxe natural, a partir do que saben e usan os e as estudantes ata o que aprenden, reflexionando sobre iso e asumíndoo como propio, para poder usalo. A clase convértese no medio idóneo para levar a cabo unha metodoloxía activa coa que o alumnado resolva problemas, utilizando e compartindo información, aprendendo a autoavaliar o proceso que seguiu co fin de chegar a ser máis capaz de conducirse autonomamente.

Os procedementos convértese no elemento vertebrador da área de lingua galega e literatura, pois deben levar ao alumnado ao desenvolvemento de habilidades na expresión e comprensión oral e escrita en contextos significativos, ademais de coñecer, valorar e gozar do feito literario, tendo

sempre presente que os resultados, en educación, son a longo prazo, e que se concretan nunha competencia individual para a aprendizaxe posterior, dentro ou fóra das aulas.

O currículo da área de Lingua galega e Literatura pretende potenciar a capacidade de comunicación lingüística dos/-as alumnos/-as e propiciar a reflexión permanente sobre a linguaxe como medio de comunicación, de representación, de regulación da propia actividade e de goce estético.

COÑECEMENTO DA LINGUA

Integra os contidos relacionados coa reflexión sobre a lingua e coa adquisición duns conceptos e unha terminoloxía gramatical. Os contidos están xustificadas porque a adquisición das habilidades lingüístico-comunicativas esixe que o uso vaia acompañado da reflexión sobre diferentes aspectos da lingua.

Todas as unidades seguen o mesmo esquema:

- Texto explicativo dos contidos, que se conxuga con actividades que facilitan á asimilación da teoría.
- Lectura: para traballar a comprensión escrita, a análise e a síntese, e para pór en práctica os coñecementos e as habilidades acadados na unidade.
- Vocabulario sobre campos temáticos concretos co obxectivo de ampliar o léxico individual.
- Gramática: para coñecer as diferentes unidades da lingua e empregalas correctamente.
- Ortografía: explícanse as regras ortográficas e a continuación realízanse actividades para poñer en práctica ditas regras.
- Literatura: Presenta os contextos, as formas e os contidos temáticos da nosa literatura, facendo fincapé na lectura e na análise e comentario de textos e obras literarios. Ao longo das unidades preséntase unha visión da Historia Literaria (desde a Idade Media ata o século XIX) que pretende amosar as transformacións históricas dos xéneros literarios. Ao mesmo tempo, as introducións históricas contribúen á localización das lecturas e as obras nun entorno histórico, social, cultural e estético.

Procedementos de avaliación

Actitude	20,00 %		
Conceptos e Procedementos	80,00 %	Probas escritas:	X
		Traballos / expresión escrita	X
		Expresión oral	X

dous temas.

Será avaliación continua nos aspectos gramaticais.

Revisión de cadernos ao longo da avaliación, tendo en conta: orde, presentación, ortografía e que estea completa a tarefa.

Unha proba escrita , puntuada sobre 8, ao final de cada

A cualificación de cada avaliación resultará da nota media entre as dúas probas escritas, á que se sumará a nota obtida en actitude.

Para facer media nas probas escritas é necesario unha nota mínima de 2.

Para aprobar a avaliación a suma de conceptos e actitudes ten que ser un 5 como mínimo

Para a nota final de curso, a cualificación da 3ª avaliación puntuará dobre.

O libro de lectura obrigatoria é indispensable para aprobar. Farase unha proba escrita, puntuada ata 0,5, sendo 0,2 a nota mínima para superar esta proba. A cualificación de lectura, sumarase á nota global.

Actividades de recuperación

O alumnado que teña a Lingua galega e literatura de 2º Eso pendente realizará dúas probas escritas ao longo do curso, unha por cada seis temas, segundo os contidos da programación. A cualificación de cada unha destas probas suporá un 80% da nota. Entregáranse-lles exercicios sobre a materia que se valorarán cun 20%. Se a nota media das dúas avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final de todo o temario de 2º en Maio.

Cando os/as alumnos/-as de 3º da Eso non acaden os obxectivos poderanse propoñer actividades diversas orientadas a que consigan acadar os contidos mínimos.

Ademáis ofréceselles a posibilidade (sempre que o horario do departamento o permita) de asistir a unha clase de reforzo fóra do seu horario lectivo coa finalidade de traballar aqueles aspectos que lle resultan máis complicados e lle impiden aprobar a materia.

Contribución ao Proxecto Lector

O plan lector do Departamento de Lingua galega e literatura segue basicamente a liña adoptada nos últimos cursos.

Conscientes de que a lectura constitúe unha actividade clave na educación do alumnado – xa que o seu dominio abre as portas de novos coñecementos- pretendemos contribuír á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector do seguinte xeito:

1- Lectura comprensiva

Nos catro cursos da Eso faranse catro lecturas comprensivas por avaliación, seguindo as propostas dos libros de texto correspondentes.

2- Lectura de escolma de autores

Na parte correspondente á literatura leranse poemas, relatos ou fragmentos de obras dos autores máis representativos. Segundo o nivel farase un comentario de texto de menor ou maior dificultade.

3- Lectura e construción de diferentes tipos de texto

Cofecer e construír os distintos tipos de texto básicos: narrativo, descritivo, dialogado, argumentativo e expositivo, segundo a programación didáctica.

4- Obras de lectura

Nos catro cursos da Eso haberá unha obra de lectura obrigatoria por avaliación.

En 3º e 4º o alumnado terá a posibilidade de ler voluntariamente outra das obras propostas (citadas todas na programación didáctica).

Especial atención á lectura farase en 3º e 4º de Diversificación curricular, onde se dedicarán dúas sesións semanais á lectura conxunta dun libro escollido polas profesoras.

En xeral, para o plan lector remitirémonos á programación didáctica na que tanto nos contidos procedementais como actitudinais a lectura, o seu fomento e a súa valoración aparecen como base fundamental do currículo desta materia.

Contribución ao Plan de Integración das TICs

Ao longo do curso pasado os membros do departamento, en colaboración co Departamento de Lingua Castelá, elaboraron tarefas para o desenvolvemento das competencias básicas nos distintos cursos da ESO. Entre elas están as destinadas a mellorar a competencia dixital.

As actividades deseñadas para desenvolver esta competencia son basicamente de 2 tipos:

1.- Búsqueda de información utilizando as novas tecnoloxías: dicionarios dixitais, páxinas Web, periódicos dixitais, blogs, foros,...

2.- Elaboración de traballos que recollen de forma organizada a información atopada nos distintos medios. Para iso deben aproveitar as vantaxes que ofrecen os procesadores de texto xa que teñen que ser entregados en soporte dixital ou enviados a través do correo electrónico.

En 3º da ESO as actividades xiran en torno a un tema común aos dous departamentos: dúas películas baseadas en dúas obras de teatro . Utilizando as novas tecnoloxías, e a través do uso de páxinas especializadas en literatura, blogs e xornais dixitais, terán que buscar a información que se lles vai solicitando, seleccionándoa e organizándoa para a elaboración, en formato dixital, dun traballo monográfico sobre o tema seguindo un esquema previo e utilizando todas as vantaxes que ofrecen os procesadores de textos –negriña, sangrados, correctores ortográficos, etc.

Ademais destas actividades, ao longo do curso poderase traballar de forma máis puntual esta competencia, pedindo aos alumnos/as que busquen informacións variadas en diferentes fontes e sobre distintos temas.

Materiais e recursos didácticos

Libro de texto: Lingua e Literatura 3º Eso. Ed. Obradoiro Santillana, Proxecto Casa do Saber.

Dicionarios, taboleiros, material fotocopiado, biblioteca, material audiovisual

Actividades complementarias e extraescolares

Visitas culturais a museos, salas de exposición, castros,..vencelladas coa cultura galega.

Asistencia a conferencias, charlas, mesas redondas, representacións teatrais... que teñan lugar no Centro ou fóra del e que o Departamento considere de interese para a formación do alumnado na lingua, literatura ou cultura galegas.

Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade está contemplada na metodoloxía, nas estratexias didácticas concretas que se van aplicar na aula e nos materiais utilizados.

As clases serán fundamentalmente prácticas. A carga teórica será o máis sinxela posible e tratarase de que os conceptos sexan asimilados gracias á abundancia de actividades que se levan a cabo.

Cada unidade péchase con actividades de reforzo e ampliación para traballar a diversidade na aula, repasando os contidos básicos estudados.

4º ESO

Obxectivos.

Valorar a lingua galega como propia de Galicia e comprender as circunstancias que condicionan o seu uso social na actualidade.

Coñecer e respectar a existencia das diferentes variedades dialectais e sociais da lingua galega e identificar os trazos que as caracterizan.

Recoñecer as interferencias lingüísticas co castelán e outras linguas e usar en cada caso as expresións e construcións propias da nosa lingua.

Mostrar respecto cara a aquelas persoas que utilicen unha lingua diferente.

Identificar os diferentes rexistros, así como os seus trazos principais e utilizados nos diferentes actos de comunicación, en función do contexto social no que se producen.

Recoñecer e identificar os diferentes tipos de textos orais e escritos.

Ser capaz de comprender o sentido global de textos dos diferentes tipos e diferenciar as ideas principais das secundarias presentes neles.

Valorar os textos escritos como fonte de información, pracer, creatividade e proxección persoal.

Producir textos orais e escritos axeitados ó contexto e ás diferentes intencións comunicativas: informar, explicar, argumentar, opinar, persuadir,...

Utilizar a lingua escrita para a expresión da propia creatividade, mediante a elaboración de textos de carácter narrativo, dramático ou poético.

Superar os prexuízos asociados ó uso social da lingua en determinados contextos comunicativos.

Coñecer os distintos procedementos para a formación de palabras e utilizalos para enriquecer o léxico persoal.

Ampliar e precisar semanticamente o vocabulario.

Ampliar o coñecemento sobre os mecanismos da lingua no plano morfolóxico.

Recoñecer e integrar nos textos escritos as normas derivadas das convencións ortográficas.

Coñecer e utilizar os diferentes medios que temos ó noso alcance (enciclopedias, dicionarios, medios de comunicación,...) para obter información e realizar novas aprendizaxes.

Desenvolver o gusto pola lectura.

Realizar traballos de análise e comentario sobre textos literarios de diversos tipos e épocas, con especial atención ós seus contidos e ós procedementos formais e estruturais empregados, así como unha valoración persoal deles.

Ler e comentar algunhas obras esenciais na nosa historia literaria, recoñecendo o seu valor como canle de transmisión cultural e como expresión do contexto histórico e social.

Reflexionar criticamente sobre o contexto histórico en que se desenvolveu a literatura galega, analizando os condicionantes derivados da situación sociolingüística que influíron e inflúen na creación, produción e recepción dos textos literarios.

Continuar coa produción de textos de creación propia, con orixinalidade e creatividade, tentando incorporar neles os principais recursos estilísticos analizados.

Utilizar os distintos medios de comunicación como fonte de información, formación e diversión.

.

Contidos por avaliación

l a A v a l i a c i ó n	GRAMÁTICA: *Repaso práctico da morfoloxía. TIPOS DE TEXTO: *a exposición VOCABULARIO: a natación, a moda, o alpinismo, a beleza. LÉXICO-SEMÁNTICA: *O léxico galego: o substrato e o superestrato. *Préstamos e extranxeirismos. *Os neoloxismos ORTOGRAFÍA: *reglas ortográficas xerais. *Uso de h-, b/v , x. *Homófonos e parónimos. LINGUA E SOCIEDADE: historia social do galego. Século XX LITERATURA: *a literatura a comezos do XX: Noriega Varela e Ramón Cabanillas. *A prosa ata a Guerra Civil: Risco e Otero Pedrayo *A prosa ata a Guerra Civil: Castelao e Dieste LECTURAS: (o alumnado escollerá unha) CASTELAO, <i>Os vellos non deben de namorarse</i> MAYORAL, M., <i>Unha árbore, un adeus</i> TORO, Suso de., <i>Ambulancia</i>
--	--

2 a	GRAMÁTICA: *Repaso práctico de morfoloxía e acentuación.
A v	TIPOS DE TEXTO: *a argumentación, a prescrición
a l	VOCABULARIO: a política, as culturas, a economía, as enerxías renovables
i a	LÉXICO - SEMÁNTICA: *Derivación, composición e parasíntese.
c i	ORTOGRAFÍA: *signos de puntuación. *Maiúsculas e minúsculas. Abreviaturas, siglas e acrónimos. *Grupos consonánticos.
ó n	LINGUA E SOCIEDADE: *variedades xeográficas do galego
	LITERATURA : *As vangardas e a poesía galega *A poesía de posguerra
	LECTURAS: (o alumnado escollerá unha) MALVAR, A. C., Un home que xaceu aquí NAVAZA, G., Erros e tánatos SUÁREZ ABEL : Sabor a ti

3 a	GRAMÁTICA: *Repaso práctico de morfoloxía.
A v	TIPOS DE TEXTO: *a publicidade, as comunicación laborais, o contrato.
a l	VOCABULARIO: publicidade, comunicación, formación académica, relacións laborais.
i a	LÉXICO-SEMÁNTICA: . *Hiperonimia, homonimia, hiponimia. Sentido literal e
c i	sentido figurado.*Palabras tabú e eufemismos.
ó n	ORTOGRAFÍA:* porque/ por que/ porqué. Se non/ senón. *A acentuación.
	LINGUA E SOCIEDADE: o galego na actualidade. Un Estado plurilingüe.
	LITERATURA : *a prosa de posguerra.
	LECTURAS: (o alumnado escollerá unha) RIVAS, M., Que me queres, amor? TORO, Suso de, Conta saldada FDEZ FERREIRO: Millo verde

Criterios de avaliación

Saber a morfoloxía de cursos anteriores a través de exercicios e textos
Recoñecemento e elaboración de textos expositivos e argumentativos
Saber utilizar léxico a través de exercicios.
Identificar diferentes campos léxicos, sinónimos e antónimos.
Uso correcto de maiúsculas, minúsculas, grafemas e dígrafos.
Definir significados de abreviaturas, siglas e acrónimos
Recoñecer a situación histórico-social do primeiro terzo do século XX.
Coñecer a obra de Noriega Varela e Cabanillas.

Análise, interpretación e comentario de textos de Cabanillas..
Coñecemento de léxico a través de exercicios .
Uso correcto de grupos consonánticos, sufixos e terminacións.
Recoñecemento das diferentes variedades e áreas dialectais.
Coñecemento das distintas correntes de vangarda.
Coñecemento da poesía e da narrativa de posguerra.
Análise, interpretación e comentario de textos de autores correspondentes a estes períodos..
Identificación e diferenciación de eufemismos, neoloxismos, préstamos, estranxeirismos...
Uso correctos dos diferentes grafemas.
Coñecemento da poesía e da narrativa de 1960 a 1975.
Análise, interpretación e comentario de textos poéticos, narrativos e teatrais.

Metodoloxía didáctica

O proceso de ensino-aprendizaxe, nos bloques de contido, segue o procedemento da aprendizaxe natural, a partir do que saben e usan os e as estudantes ata o que aprenden, reflexionando sobre iso e asumíndoo como propio, para poder usalo. A clase convértese no medio idóneo para levar a cabo unha metodoloxía activa coa que o alumnado resolva problemas, utilizando e compartindo información, aprendendo a autoavaliar o proceso que seguiu co fin de chegar a ser máis capaz de conducirse autonomamente.

Os procedementos convértese no elemento vertebrador da área de lingua galega e literatura, pois deben levar ao alumnado ao desenvolvemento de habilidades na expresión e comprensión oral e escrita en contextos significativos, ademais de coñecer, valorar e gozar do feito literario, tendo sempre presente que os resultados, en educación, son a longo prazo, e que se concretan nunha competencia individual para a aprendizaxe posterior, dentro ou fóra das aulas.

Preténdese potenciar a capacidade de comunicación lingüística dos/-as alumnos/-as e propiciar a reflexión permanente sobre a linguaxe como medio de comunicación, de representación, de regulación da propia actividade e de goce estético.

Para acadar este principio, artículanse os contidos de todas as unidades en torno a tres grandes bloques:

Bloque 1: FALAR, LER E ESCRIBIR

Cada unidade iníciase cunha lectura seguida dun comentario de texto que guía a comprensión do mesmo no seu contido, estrutura e formas de expresión. Pártese de textos variados –narrativos, descritivos, dramáticos, expositivos e de opinión- , co que se aproxima aos alumnos a diferentes modalidades e xéneros textuais.

O contido e a forma desta lectura inicial da pé ao estudo de tipos textuais concretos –ensaio, editorial, columna, curriculum vitae, contrato, anuncio,...-, que se guía por medio de diversas actividades de comprensión escrita e auditiva do tipo textual estudado, esta última a partir de audicións. A continuación expóñense actividades de expresión oral e de composición de textos escritos.

A liña que vertebra este curso neste apartado é a aproximación de textos propios de diferentes ámbitos comunicativos –da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e da vida académica- e a análise das diferenzas de estrutura e uso da linguaxe.

Bloque 2: COÑECEMENTO DA LINGUA

A finalidade deste bloque consiste no desenvolvemento do coñecemento reflexivo do sistema lingüístico a tal punto que os alumnos sexan capaces de empregalo de maneira variada e rigurosa na creación de textos propios ou de macroestruturas prefixadas polo xénero comunicativo.

Este bloque céntrase no repaso de nocións de morfoloxía a través de textos e exercicios que permitan non esquecer os coñecementos adquiridos en cursos anteriores.

Este bloque complétase cun apartado de léxico –estúdase o vocabulario de distintos campos semánticos moi presentes na actualidade e o vocabulario que conforma a lingua galega- e outro de ortografía que recolle as diferentes normas de emprego dos signos de puntuación, sin esquecer as grafías co estudo dos homófonos máis habituais.

A idea vertebradora deste bloque é que o alumnado recorde os coñecementos do sistema estudados en cursos anteriores, profundice neles e os aplique á creación de enunciados textuais apropiados, correctos e axeitados.

Bloque 3: EDUCACIÓN LITERARIA:

Esta sección está adicada ao estudo diacrónico da literatura galega do século XX. Tan vasto panorama non pode ser analizado máis que por medio de exposicións xerais que presenten trazos histórico-culturais de cada movemento, ofrezan ás súas características e recollan os autores e obras máis destacadas.

A estrutura que se sigue é:

- Breve exposición de contidos.
- Esquema que sintetiza as ideas esenciais do bloque.
- Actividades aplicadas a textos representativos.
- Análise dun texto literario representativo para practicar o comentario literario tendo en conta tanto o contido como a análise formal.

A idea que vertebra a disposición de contidos e actividades neste bloque ao longo do curso é a comprensión das conexións que existen en un momento dado entre a sociedade, individuo e obra literaria, así como facer explícitos os principios das diferentes correntes estéticas que aínda se manteñen en vigor e inflúen na actual creación literaria.

Tamén neste bloque traballarase a lectura en voz alta, o recitado de textos,... mediante audicións que lles sirvan de modelo.

Por último, trabállanse as técnicas para a búsqueda de información en dicionarios, as tecnoloxías da información e a comunicación e as técnicas de composición de textos a través dun anexo que aparece ao final do libro de texto.

Procedementos de avaliación

Avaliación continua

Un exame de lingua por avaliación., puntuado sobre un máximo de 8

Un exame de literatura por avaliación, puntuado sobre un máximo de 8

A nota mínima para facer media entre os exames de lingua e de literatura é de **2**.

A cualificación de cada avaliación resultará da nota media entre as dúas probas escritas, á que se sumará a nota obtida en actitude.

Para aprobar a avaliación a suma de conceptos e actitudes ten que ser un 5 como mínimo

Para a nota final de curso, a cualificación da 3ª avaliación puntuará dobre.

Revisión do caderno de actividades en cada avaliación, tendo en conta: orde, presentación, ortografía y que a tarefa estea completa.

O libro de lectura obrigatoria é indispensable para aprobar. Farase unha proba escrita, puntuada ata 0,5, sendo 0,2 a nota mínima para superar esta proba. A cualificación obtida nesta proba de lectura sumárase á nota global en cada avaliación.

Actividades de recuperación

O alumnado que teña a Lingua galega e literatura de 3º Eso pendente realizará dúas probas escritas ao longo do curso, unha por cada seis temas, segundo os contidos da programación. A cualificación de cada unha destas probas suporá un 80% da nota. Entregáranse-lles exercicios sobre a materia que se valorarán cun 20%. Se a nota media das dúas avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final de todo o temario de 3º en Maio.

Cando os/as alumnos/-as de 4º da Eso non acaden os obxectivos poderanse propoñer actividades diversas orientadas a que consigan acadar os contidos mínimos.

Ademáis ofréceselles a posibilidade (sempre que o horario do departamento o permita) de asistir a unha clase de reforzo fóra do seu horario lectivo coa finalidade de traballar aqueles aspectos que lle resultan máis complicados e lle impiden aprobar a materia.

Contribución ao Proxecto Lector

O plan lector do Departamento de Lingua galega e literatura segue basicamente a liña adoptada nos últimos cursos.

Conscientes de que a lectura constitúe unha actividade clave na educación do alumnado – xa que o seu dominio abre as portas de novos coñecementos- pretendemos contribuír á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector do seguinte xeito:

1- Lectura comprensiva

Nos catro cursos da Eso faranse catro lecturas comprensivas por avaliación, seguindo as propostas dos libros de texto correspondentes.

2- Lectura de escolma de autores

Na parte correspondente á literatura leranse poemas, relatos ou fragmentos de obras dos autores máis representativos. Segundo o nivel farase un comentario de texto de menor ou maior dificultade.

3- Lectura e construción de diferentes tipos de texto

Coñecer e construír os distintos tipos de texto básicos: narrativo, descritivo, dialogado, argumentativo e expositivo, segundo a programación didáctica.

4- Obras de lectura

Nos catro cursos da Eso haberá unha obra de lectura obrigatoria por avaliación.

En 3º e 4º o alumnado terá a posibilidade de ler voluntariamente outra das obras propostas (citadas todas na programación didáctica).

Especial atención á lectura farase en 3º e 4º de Diversificación curricular, onde se dedicarán dúas sesións semanais á lectura conxunta dun libro escollido polas profesoras.

En xeral, para o plan lector remitirémonos á programación didáctica na que tanto nos contidos procedementais como actitudinais a lectura, o seu fomento e a súa valoración aparecen como base fundamental do currículo desta materia.

Contribución ao Plan de Integración das TICs

Ao longo do curso pasado os membros do departamento, en colaboración co Departamento de Lingua Castelá, elaboraron tarefas para o desenvolvemento das competencias básicas nos distintos cursos da ESO. Entre elas están as destinadas a mellorar a competencia dixital.

As actividades deseñadas para desenvolver esta competencia son basicamente de 2 tipos:

- 1.- Búsqueda de información utilizando as novas tecnoloxías: dicionarios dixitais, páxinas Web, periódicos dixitais, blogs, foros,...
- 2.- Elaboración de traballos que recollen de forma organizada a información atopada nos distintos medios. Para iso deben aproveitar as vantaxes que ofrecen os procesadores de texto xa que teñen que ser entregados en soporte dixital ou enviados a través do correo electrónico.

En 4º da ESO as actividades xiran en torno a un tema común aos dous departamentos: os blogs. Utilizando as novas tecnoloxías, e a través do uso blogs, foros de debate, páxinas especializadas en literatura e xornais dixitais, terán que buscar a información que se lles vai solicitando, seleccionándoa e organizándoa para a elaboración, en formato dixital, dun traballo monográfico sobre o tema seguindo un esquema previo e utilizando todas as vantaxes que ofrecen os procesadores de textos –negriña, sangrados, correctores ortográficos, etc. Tamén poderá pedírselles que cree nun blog por aula e os enchan de contidos, comentarios relacionados coas obras de lectura ou outros aspectos educativo e culturais.

Ademais destas actividades, ao longo do curso poderase traballar de forma máis puntual esta competencia, pedindo aos alumnos/as que busquen informacións variadas en diferentes fontes e sobre distintos temas.

Materiais e recursos didáctico

Libro de texto: Lingua e Literatura 4º Eso. Ed. Obradoiro Santillana, Proxecto Casa do Saber.

Dicionarios, taboleiros, material fotocopiado, biblioteca, material audiovisual

Actividades complementarias e extraescolares

Visitas culturais a museos, salas de exposición, castros,..vencelladas coa cultura galega.

Asistencia a conferencias, charlas, mesas redondas, representacións teatrais... que teñan lugar no Centro ou fóra del e que o Departamento considere de interese para a formación do alumnado na lingua, literatura ou cultura galegas.

Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade está contemplada na metodoloxía, nas estratexias didácticas concretas que se van aplicar na aula e nos materiais utilizados.

As clases serán fundamentalmente prácticas. A carga teórica será o máis sinxela posible e tratarase de que os conceptos sexan asimilados gracias á abundancia de actividades que se levan a cabo.

Cada unidade péchase con actividades de reforzo e ampliación para traballar a diversidade na aula, repasando os contidos básicos estudados.

Proba de setembro (para os catro cursos da Eso)

A proba de setembro axustarase aos contidos mínimos reflectidos na programación didáctica do departamento.

1º Bacharelato

Obxectivos.

Respectar e apreciar a diversidade lingüística como unha riqueza cultural.

Coñecer e valorar as circunstancias históricas e sociais que condicionaron a evolución da nosa lingua e as fases xerais da súa historia.

Valorar a propia lingua e utilizala en todas as situacións de comunicación.

Analizar o proceso de normalización lingüística..

Elaborar traballos orais e escritos, previa recollida de datos e información..
Seleccionar e valorar as fontes de información utilizadas para a recollida de datos.
Participar en situacións de comunicación oral adecuando os recursos expresivos a cada situación, sabendo gardar a quenda de intervencións e respectando e valorando as contribucións dos outros participantes.
Distinguir e usar adecuadamente os compoñentes e constituíntes da oración, o parágrafo e o texto gardando as concordacións e coherencia necesarias.
Identificar os elementos constitutivos da palabra, diferenciando os seus morfemas derivativos ou flexivos.
Recoñecer e utilizar os mecanismos de derivación para enriquecer a expresión oral e a produción escrita de textos.
Producir textos, utilizando artificios literarios, coa intención de crear linguaxe literaria.
Relacionar as condicións sociais, culturais e históricas nas que se produciu unha obra literaria, sabendo aprecia-la súa evolución e interese artístico.
Valorar as obras literarias como fenómenos de expresión estética e como fonte de pracer persoal.
Identificar os elementos estéticos presentes nun texto literario.
Posuír o hábito de lectura e apreciala como fonte de pracer estético e de coñecemento dunha época histórica (da Idade Media ó século XIX).
Recoñecer as principais obras e autores da literatura galega medieval e as súas características.
Identificar e localizar cronoloxicamente obras literarias nun período determinado (desde a Idade Media ó século XIX).
Recoñecer as características dunha obra segundo o xénero ou subxénero ó que pertence.
Comentar un texto literario, pertencente a un autor representativo (desde a Idade Media ó século XIX), determinando o seu xénero, localizándoo no seu período, identificando o seu asunto, tema e punto de vista, determinando a súa estrutura, analizando a súa linguaxe e realizando unha valoración conclusiva do mesmo.

Contidos

1ª avaliación

Sociolingüística

*A formación da lingua

*O galego na Idade media

Gramática

*O substantivo

*O adxectivo

Ortografía

*Acentuación, ortografía xeral

Obradoiro de lingua

Temas 1,2,3 e 4 do libro de texto

Literatura

A literatura medieval.

*O cancionero amoroso (cantiga de amor, cantiga de amigo)

*O cancionero satírico

O cancionero relixioso

A prosa medieval

Lecturas (o alumnado escollerá unha)

CABANA, D. X., *Galván en Saor*

BLANCO-AMOR, E., *A esmorga*

COELLO RIVEIRO, A: *As rulas de Bakunin*

2ª avaliación

Sociolingüística

*O galego na Idade Moderna

*O século XIX

Gramática

*Determinantes (artigo, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos)

*Pronome persoal

Obradoiro de lingua

Temas 5,6,7 e 8 do libro de texto

Literatura

*Os Séculos Escuros

*O Rexurdimento: Rosalía de Castro.

Lecturas: (o alumnado escollerá unha)

DIESTE, RAFAEL: *A fiestra baldeira*

VILLAR, Domingo: *A praia dos afogados*

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: *Noite de voraces sombras*

3ª avaliación

Sociolingüística

**A diversidade lingüística no mundo*

**A diversidade lingüística na Península Ibérica*

Gramática

*O verbo

*O adverbio

Obradoiro de lingua

Temas 9, 10, 11 e 12 do libro de texto.

Literatura

*Eduardo Pondal

*Manuel Curros Enríquez

Lecturas: (o alumnado escollerá unha)

ANEIROS, Rosa, *Resistencia*

MOURE, Teresa: *A casa dos lucarios*

Contidos mínimos

Os contidos mínimos que o alumnado debe acadar para aprobar a materia están sinalados cun asterisco.

Criterios de avaliación

Lingua e sociedade

Coñecemento dos elementos que conforman a lingua galega.

Coñecemento da situación da lingua galega na Idade Media, na Idade Moderna e no século XIX.

Gramática

Distinción e coñecemento das distintas categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes, verbos e adverbios) e dos seus constituíntes. (xénero, número, modo, tempo e persoa).

Ortografía

Dominio das normas ortográficas axeitadas ao nivel de estudo.

Léxico

Dominio dun vocabulario amplo.

Literatura

Coñecemento das principais características das distintas cantigas medievais.

Coñecemento da obra e principais características dos autores do Rexurdimento (Rosalía, Curros e Pondal).

Lectura

Demostrar ter lido un libro por avaliación entre os propostos durante o curso.

Metodoloxía didáctica

O desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua Galega e Literatura de bacharelato baséase na concepción construtivista do ensino. Polo que os presupostos teóricos e metodolóxicos nos que se fundamenta esta disciplina e o seu carácter basicamente instrumental son os mesmos que os da etapa da ESO. A partir deles concíbese a estruturación do Currículo que permita aos estudantes de 16 a 18 anos consolidar, afondar e ampliar a súa competencia comunicativa acadada na etapa anterior para lograr unha maior maduración intelectual e humana e unha mellor preparación para os estudos de grao superior.

Ao longo dos estudos de Bacharelato óptase especialmente polo método expositivo-indutivo para plantexamentos introdutorios ou visións panorámicas de conceptos, polo método de indagación para a aprendizaxe de procedementos e polo método activo para que o alumnado se sinta suxeito responsable do proceso de aprendizaxe e adopte actitudes favorables cara dito proceso.

Os contidos parten sempre dos coñecementos previos do alumnado acadados na etapa anterior e, mediante un proceso de aprendizaxe recorrente que vai do uso á reflexión e da reflexión ao uso, preténdese que os estudantes vaian afondando nos contidos e actividades de maior complexidade discursiva, maior rigor analítico e precisión terminolóxica. Por conseguinte, o proceso de ensino-aprendizaxe desta disciplina xira en torno a dous compoñentes que se interrelacionan: o uso e a reflexión co fin de que os alumnos e alumnas acaden as destrezas, actitudes e coñecementos desexados.

O libro de texto co que se vai traballar estrutúrase do seguinte xeito: 12 unidades que conteñen cada unha un parte de literatura, outra de lingua y otra parte práctica denominada Obradoiro de lingua,. Na distribución de contidos por avaliacións non se segue esta orde: explícanse primeiro os temas

de lingua y posteriormente os de literatura.

COÑECEMENTO DA LINGUA

Céntrase basicamente no coñecemento máis profundo da morfoloxía galega, facendo fincapé en aqueles aspectos que ao longo da etapa obrigatoria supuxeron máis problemas para o alumnado: o pronome átono, a morfoloxía verbal...

Tamén se dedica unha parte ao coñecemento da historia do galego desde as súas orixes ata o século XIX, salientando o difícil devir da nosa lingua.

LITERATURA

Presenta os contextos, as formas e os contidos temáticos da nosa literatura, facendo fincapé na lectura e na análise e comentario de textos e obras literarios.

Neste senso, a literatura proporciona unha gran riqueza lingüística, cultural, social, estética e lúdica. Asimesmo, o discurso literario constitúe un material imprescindible para fomentar o hábito da lectura, para enriquecer o léxico, para desenrolar a expresión, etc. Os comentarios de textos constitúen un procedemento constante que pretende contribuír á formación de lectores que disfruten os textos e sepan explicalos e valoralos de forma axeitada e coherente.

Ao longo das unidades preséntase unha visión da Historia Literaria que pretende amosar as transformacións históricas dos xéneros literarios. Ao mesmo tempo, as introducións históricas contribúen á localización das lecturas e as obras nun entorno histórico, social, cultural e estético.

OBRADOIRO DE LINGUA

Ao longo do curso repasaranse os principios conceptos de ortografía (grafías, acentuación e puntuación) con actividades sobre a norma.; así como as técnicas para buscar e tratar a información, como o esquema o resumo, a localización de datos na biblioteca.

Procedemento de avaliación

Actitude	5,00%		
Conceptos e Procedementos	95,00 %	Probas escritas:	X
		Traballos / expresión escrita	X
		Expresión oral	X

Avaliación continua dos contidos de lingua e literatura

Un exame de lingua por avaliación, puntuado sobre un máximo de **9**

Un exame de literatura por avaliación, puntuado sobre un máximo de **9**

Nota mínima para facer media entre os exames de lingua e literatura de **3**.

A actitude valorarase ata un máximo de **0,5** (comportamento, traballo na aula, interese, participación...) cualificación que se sumará á nota

media dos exames de lingua e de literatura.

A nota mínima para aprobar a avaliación será un 5.

Nas probas escritas descontaranse **0,05** por faltas leves (ex: tiles) e **0,1** por faltas máis graves (castelanismos, incorrecta colocación do pronome átono, b/v, h/Ø...)

Para a nota final de curso, a cualificación obtida na proba da 3ª avaliación puntuará dobre.

O libro de lectura obrigatoria é indispensable para aprobar. Farase unha proba escrita en cada avaliación, que puntuará entre 0 e 0,5, sendo necesaria unha nota mínima de 0,2 para superala. O alumnado que queira mellorar a súa nota poderá facer outra lectura con carácter voluntario coa mesma valoración que a lectura obrigatoria.

A cualificación de lectura sumase á nota global da avaliación.

Actividades de recuperación

Neste curso non hai alumnado coa materia pendente.

Materiais e recursos didácticos

Libro de texto: Lingua e Literatura 1º Bac. Ed. Obradoiro Santillana, Proxecto Casa do Saber.

Dicionarios, taboleiros, material fotocopiado, biblioteca, material audiovisual

Actividades complementarias e extraescolares

Visita culturais a museos, salas de exposición, castros... vencelladas coa cultura galega.

Asistencia a conferencias, charlas, mesas redondas, representacións teatrais... que teñan lugar no Centro ou fóra del e que o Departamento considere de interese para a formación do alumnado na lingua, literatura ou cultura galegas.

2º de Bacharelato

Obxectivos

Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersonal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.

Utilizar a lingua galega para a comprensión, e para a elaboración, de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cada unha

delas.

Valorar a lingua galega como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.

Analizar a realidade sociolingüística de Galicia, interpretando criticamente os factores que interveñen nela.

Analizar as linguaxes específicas dos medios de comunicación e utilizar as seccións e os programas en galego para mellorar as producións propias.

Aplicar os principios fundamentais da gramática galega, recoñecendo as distintas unidades da lingua e as súas posibles combinacións, no plano fónico-fonolóxico, morfosintáctico, léxico- semántico e textual.

Coñecer as características das principais etapas da literatura galega do século XX, así como dos autores e das obras máis significativas, utilizando de forma crítica as fontes documentais para o seu estudo.

Ler e comentar as obras máis representativas das diferentes épocas da literatura galega do século XX, como fonte de pracer persoal e como manifestación artística do ser humano nun ámbito cultural concreto..

Contidos

1ª avaliación

*Fonética: vocalismo, consonantismo, ditongos.

*Ortografía:acentuación

*Morfosintaxe: substantivo, adxectivo, determinantes, pronome persoal

Léxico: precisión léxica.

Tipo de texto: narrativo

Sociolingüística

*Funcións sociais da lingua

*Historia da normativización

Literatura:

*A literatura no 1º terzo do século XX: a poesía

* “ “ “ “ “ “ “ : a prosa

* “ “ “ “ “ “ “ : o teatro

•lectura dunha obra completa dun autor deste período

2ª avaliación

*Morfosintaxe: o verbo, o adverbio, a preposición, a conxunción

Lexico: precisión léxica.

Tipo de texto: argumentativo e expositivo.

Sociolingüística:

- *Linguas minorizadas e linguas minoritarias
- *O galego no 1º terzo do século XX

Literatura:

- *A literatura entre 1936-76: a poesía
- * “ “ “ “ : a prosa
- “ “ “ “ : o teatro

Lectura dunha obra completa dun autor deste período

3ª avaliación

- *Dialectoloxía: bloques e áreas do galego
- *Lexico-semántica: prefixos, sufixos, campos semánticos, relacións semánticas....

Tipo de texto: descritivo.

Sociolingüística:

- *O galego de 1936 a 1975
- *O galego de finais do s. XX e principios do XXI

Literatura :

- *A literatura de fins do séc. XX: a poesía
- : a prosa
- : o teatro

lectura dunha obra completa dun autor deste período

Contidos mínimos

Marcados cun asterico. O alumnado deberá ter coñecemento suficiente deses temas e aspectos da lingua para acadar o aprobado.

Criterios de avaliación

Fonética : vocalismo e consonantismo.

Acentuación.

Formación xénero e número.

Colocación do pronome átono.

Funcións do pronome persoal.
Conxugación verbal : regulares, irregulares e con alternancia vocálica.
Análise morfolóxica.
Usos do infinitivo conxugado.
Perífrases.
Segmentación de palabras.
Ortografía.
Temas do 1 ao 9 de lingua e sociedade.
Temas do 1 ao 9 de literatura.

Metodoloxía didáctica

O desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua Castelá e Literatura de bacharelato baséase na concepción construtivista do ensino. Polo que os presupostos teóricos e metodolóxicos nos que se fundamenta esta disciplina e o seu carácter basicamente instrumental son os mesmos que os da etapa da ESO. A partir deles concíbese a estruturación do Currículo que permita aos estudantes de 16 a 18 anos consolidar, profundizar e ampliar a súa competencia comunicativa acadada na etapa anterior para lograr unha maior maduración intelectual e humana e unha mellor preparación para os estudos de grao superior.

Ao longo dos estudos de Bacharelato óptase especialmente polo método expositivo-indutivo para plantexamentos introdutorios ou visións panorámicas de conceptos, polo método de indagación para a aprendizaxe de procedementos e polo método activo para que o alumnado se sinta suxeito responsable do proceso de aprendizaxe e adopte actitudes favorables cara dito proceso.

Os contidos parten sempre dos coñecementos previos do alumnado acadados na etapa anteriore, mediante un proceso de aprendizaxe recorrente que vai do uso á reflexión e da reflexión ao uso, preténdese que os estudantes vaian profundizando nos contidos e actividades de maior complexidade discursiva, maior rigor analítico e precisión terminolóxica.

En 2º de Bac distinguimos dúas partes fundamentais:

PARTE PRÁCTICA:

Consiste fundamentalmente nun repaso da materia vista polo alumnado en cursos anteriores, afondando nos aspectos máis característicos da lingua galega. Prescindimos de libro de texto e traballamos con material fotocopiado. Dedicamos unha parte importante a traballar con exames anteriores das probas de acceso á Universidade, para que o alumnado coñeza a estrutura desta proba.

PARTE TEÓRICA

Desenvolvemos e comentamos os 9 temas teóricos de lingua e sociedade, e os 9 de Literatura.

Procedementos de avaliación

As probas escritas, os traballos e a expresión escrita suporán o 95% da nota. A actitude amosada na aula durante o curso puntuará un 5%.

En cada avaliación haberá dous exames: un de teoría(temas de sociolingüística e Literatura) e outro de tipo práctico (gramática, ortografía,

fonética, dialectoloxía...).

O exame teórico puntuará ata **3,5** puntos, sendo necesario ter unha puntuación mínima de **1** para sumar coa outra parte do exame.

O exame práctico puntuará ata **5,5** puntos, sendo necesario ter unha puntuación mínima de **2** puntos.

Sobre a suma das dúas notas descontaranse **0,05** por faltas leves(ex:acentos) e **0,1** por faltas máis graves (castelanismos, colocación de pronomes, B/V...).

Será avaliación continua e a actitude amosada polo alumnado valorarase ata un máximo de **0,5** (comportamento, traballo na aula, interese, participación....)

A lectura e análise da obra literaria de ca avaliación sumará ata un máximo de **0,5**

Para a nota final de curso, a cualificación obtida na proba da 3ª avaliación puntuará dobre.

Actividades de recuperación

En canto ó alumnado de 2º de BAC que teña pendente a materia do curso anterior deberá realizar obrigatoriamente dúas probas ó longo do curso, coa posibilidade de realizar unha terceira proba final.

O contido da materia dividirase en dúas partes das que se examinará o alumnado en cada unha das probas obrigatorias.

1ª proba:

Teoría de lingua: a formación da lingua galega. O galego na Idade Media. O galego na Idade Moderna.

Práctica de lingua: acentuación. Ortografía. Substantivo. Adxectivo. Determinantes.

Literatura: a literatura medieval (cantiga de amigo, de amor e satírica). Os séculos escuros.

2ª proba:

Teoría de lingua: o século XIX.

Práctica de lingua: o pronome persoal. O verbo.

Literatura: o Rexurdimento. Rosalía de Castro. Eduardo Pondal. Curros Enríquez

Considerarase que o alumnado ten superada a materia de 1º de BAC se consegue como nota media entre as dúas probas cinco puntos, non acadando en ningunha delas unha puntuación inferior a tres puntos.

Se o alumno ou alumna non acada esa nota media entre as dúas probas, terá unha última posibilidade de superar a materia realizando un exame

final de todo o contido da mesma e superándoo coa nota mínima de cinco puntos.

Materiais e recursos didácticos

Material fotocopiado, dicionarios, taboleiro e, cando cumpra, material audiovisual.

Actividades complementarias e extraescolares

Visitas culturais a museos, salas de exposición, castros,..vencelladas coa cultura galega.

Asistencia a conferencias, charlas, mesas redondas, representacións teatrais... que teñan lugar no Centro ou fóra del e que o Departamento considere de interese para a formación do alumnado na lingua, literatura ou cultura galegas.

Proba de setembro

A proba de setembro tanto para 1º como para 2º de bacharelato axustarase aos contidos mínimos reflectidos na programación didáctica do departamento.

2.-Ámbito socio-lingüístico

Competencias Básicas

As características de aprendizaxe que presentan os/as alumnos/as que integran o grupo de Diversificación fan que todos os contidos establecidos na Programación vaian encamiñados á consecución das Competencias Básicas, ao longo dos dous cursos nos que está estruturada.

Debido ás carencias que estes/as alumnos/as presentan, consideramos que o punto de partida debe ser a consecución da Competencia en Comunicación oral e escrita, xa que esta lles facilitará a consecución das outras. Así, ao longo de todo o curso será obxecto de traballo esta competencia.

Así mesmo, a Competencia artística e cultural desenvólvese ao longo dos dous cursos empregando varias horas semanais á lectura na aula de obras da literatura galega, castelá e doutras literaturas que se axeiten á idade e aos intereses dos alumnos/as e que garden relación cos contidos estudados.

Na 2ª avaliación dos dous cursos de DC, desenvólvense maiormente os contidos relacionados coas Ciencias Sociais, sen esquecer en ningún momento actividades vencelladas coa Competencia oral e escrita.

Na 3ª avaliación dos dous cursos desenvólvense contidos relacionados coa literatura, cos medios de comunicación e con distintos tipos de documentos, destinados á consecución das Competencias social e cidadá.

Moitos dos contidos que se desenvolven ao longo dos dous cursos van facerse a través de traballos en formato dixital para os que os alumnos e alumnas deberán consultar Internet, diversas páxinas web, dicionarios e enciclopedias on-line,... polo que se traballará abundantemente a Competencia dixital.

Por último, a Competencia aprender a aprender será traballada ao longo de todo o curso.

En concreto, os contidos de 3º DC relaciónanse do seguinte xeito coas Competencias Básicas:

1.- Competencia en comunicación lingüística (temas 1,2,3,4,5,8,9,10,13,14 e 15)

Competencias específicas:

1.1.- Ler comprensiva e expresivamente textos diversos.

1.2.- Analizar e comprender textos orais e escritos de diversa tipoloxía, con diferentes modalidades discursivas e pertencentes a diferentes ámbitos.

1.3.- Producir mensaxes orais mantendo unha orde, unha coherencia e unha claridade aceptables na expresión lingüística e no rexistro empregado.

1.4.- Crear textos escritos con diferentes intencións axeitándoos á situación comunicativa, cun vocabulario rico e variado e respectando os criterios de corrección e presentación.

1.5.- Interpretar e valorar textos escritos e orais e expresar a opinión sobre eles de forma argumentada.

1.6.- Dominar as normas gramaticais e ortográficas.

1.7.- Ampliar significativamente o léxico e aplicalo axeitadamente en cada situación comunicativa.

Actividades de comprensión e expresión oral e escrita:

1.- Lecturas en voz alta de textos de diferentes tipos tendo en conta a expresividade, fluidez, pronunciación, entonación, velocidade adecuadas...

2.- Audicións: sobre textos que a continuación se presentan por escrito para ser lidos na clase – preténdese modelar a propia lectura en voz alta, axudando deste xeito a correxir a vocalización, entonación, etc.-, ou sobre textos que só se presentan de forma oral -con isto preténdese desenvolver a atención e a comprensión auditivas.

3.- Actividades de comprensión e expresión:

- Explicar o sentido do texto:
 - . Realizar o resumo.
 - . Comprender a idea xeral e a intención comunicativa do texto
 - . Identificar o tema do texto recoñecendo os enunciados onde aparece explícito.
 - . Distinguir as ideas principais.
 - . Recoñecer o xeito en que está organizada a información
 - . Extraer informacións concretas do texto.
 - . Explicar significados de palabras, frases ou fragmentos do texto.
 - . Identificar o tipo de texto e os seus rasgos característicos
- Expresar a opinión sobre o tema do texto de forma argumentada.

Para a realización destas actividades poderase utilizar a expresión oral ou escrita segundo se estime oportuno. Cando se trate de producir textos orais valorarase a orde, a coherencia, a claridade, o rexistro empregado; nos textos escritos, ademais dos aspectos anteriores, terase en conta a presentación, a riqueza léxica e a corrección gramatical e ortográfica.

- Crear textos seguindo a tipoloxía, forma,... do texto lido ou escoitado. Dependendo do texto base, as actividades poden variar: escribir a continuación do texto, elaborar un diálogo, redactar unha noticia...

4.- Tratamento da información e competencia dixital:

Competencias específicas (temas 6 e 7)

4.1.- Coñecer as linguaxes e soportes máis frecuentes nos que a información adoita expresarse.

4.2.- Buscar, procesar e organizar a información coa axuda de diferentes fontes de documentación: bibliotecas, Internet – dicionarios dixitais, periódicos dixitais, webs educativas, blogs... enciclopedias en CDRom e DVD-Rom,

4.3.- Compoñer textos mediante o uso de sistemas informáticos.

Actividades:

.Realización da webquest “Cando ti naciches...”

5- Competencia social e cidadá (temas 6, 7, 11 e 12)

Competencias específicas:

5.1.- Valorar o diálogo como medio de entendemento e respecto entre as persoas, desenvolvendo unha actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais dos demais e amosando interese por compartir as opinións propias.

5.2.- Aproximarse á actualidade social, política e cultural a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación.

5.3.- Apreciar a literatura como elemento transmisor dos valores culturais dun pobo e das súas diferentes maneiras de entender a realidade.

5.4.- Desenvolver unha actitude reflexiva e crítica ante a información dos medios de comunicación.

5.5.- Coñecer e empregar diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.

Actividades;

-Realización da webquest “Cando ti naciches...”

-Cartas comerciais, cartas ao director.

-Follas de domiciliación bancaria, impresos de correos...

6.- Competencia artística e cultural(ao longo de todo o curso, dúas horas á semana)

Competencias específicas:

6.1.- Comprender e valorar os textos literarios aproximándose a eles a través da lectura, audicións, representacións teatrais,...

6.2.- Desenvolver a autonomía lectora e o aprecio pola literatura como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

6.3.- Coñecer as mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

6.4.- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver o criterio lector.

Actividades:

-Lectura de diversas obras da literatura galega e da castelá

7.- Competencia para aprender a aprender:

Competencias específicas:

7.1.- Relacionar as novas aprendizaxes cos coñecementos previos.

7.2.- Cooperar activamente nas situacións de aprendizaxe compartida con outros/as compañeiros/as.

7.3.- Incorporar a lectura e a escritura como formas de enriquecemento persoal.

7.4.- Revisar e autoavaliar actividades recoñecendo os erros cometidos e amosando interese por correxilos.

7.5.- Utilizar as técnicas de traballo intelectual: o subraiado, o esquema, o resumo, as fichas e os apuntamentos.

7.6.- Valorar a regularidade e a constancia do traballo diario adoptando actitudes positivas cara o esforzo persoal.

7.7.- Sentir curiosidade e gusto por aprender e por realizar un traballo ben feito.

Actividades:

Todas as actividades que se fan ao longo do curso van encamiñadas a que o alumnado acade esta competencia, especialmente as que se refiren ás outras competencias: un alumno/a que teña a competencia lingüística ten maior capacidade para aprender calquera contido que se lle presente, o mesmo aquel/a que teña habilidades para atopar con facilidade informacións en diferentes fontes (tratamento da información e competencia dixital), ou o/a que saiba escoitar aos demais e saque proveito das intervencións dos outros e sexa capaz de expoñer as súas ideas de forma razoada (competencia social e cidadá),...

ANEXO: ao longo da 2 e 3ª avaliación realizaranse unha serie de actividades, que se explican a continuación, que permitirán traballar ao mesmo tempo as competencia dixital e a social e cidadá. Así mesmo, como para a realización da actividade é necesario ler un libro na aula, tamén se estará traballando a competencia artística e cultural. Estas actividades estruturaranse do seguinte xeito:

Competencia dixital e tratamento da información

As actividades xirarán en torno a dúas películas: *Romeo y Julieta* (clases de galego) e *Shakespeare in love* (clases de castelán); e unha adaptación ao galego da obra de teatro *Romeo e Xulieta* de W. Shakespeare. As actividades sobre a 1ª película e sobre o libro están baseadas no traballo realizado polo departamento de Lingua Galega e Literatura no curso 2005-2006 nun Seminario Permanente.

O traballo constará de dúas partes:

- 1ª parte: búsqueda de información
- 2ª parte: elaboración dun traballo, en soporte dixital, que recolla de xeito organizado e seguindo unha estrutura determinada as informacións atopadas.

Como punto de partida, entrégase a cada alumno/a un exemplar coas actividades e un CD grabable, onde irá gardando toda a información e onde elaborará o traballo que será recollido pola profesora.

O traballo comezará coa lectura na aula da obra de teatro, Romeo e Xulieta. Unha vez rematada, realizarase a seguinte ficha:

Ficha control de lectura de Romeo e Xulieta

1.- Título do que acabamos de ler.

2.- Autor.

- a) Fala un pouco do escritor.
- b) Sitúao na súa época.
- c) ¿Que escribe?
- d) Outras obras da súa autoría.

3.- Explica que tipo de obra é: novela, conto, obra de teatro... e ¿por que?.

4.- Di cal é o tema.

5.- Fai un breve resumo.

6.- Estrutura:

6a.- Identifica en cada acto texto principal e texto secundario.

6b.- Localiza na obra un exemplo de diálogo descritivo, narrativo e disertativo.

6c.- ¿Hai algún monólogo? Se a túa resposta é afirmativa, identifícao.

6d.- Distingue entre acto, cadro e escena.

6e.- Explica a información que ofrecen as acotacións.

6f.- ¿Cal é o espazo dramático? Tendo en conta as acotacións, intenta deseñar ti o espazo escenográfico (podes empregar o ordenador, revistas, internet...)

6g.- Fai unha análise do tempo:

¿Cal é a época que se corresponde co tempo da produción?

¿Hai algunha referencia explícita ó tempo da representación?

¿Cal é o tempo da acción?

7.- Personaxes (identifícaos e caracterízaos):

7a.- Personaxes principais.

7b.- Personaxes secundarios.

8.- Valoración persoal.

1ª sesión:

Antes de ver as dúas películas terán que facer un traballo de investigación a través de Internet sobre os seguintes aspectos:

- Biografía de William Shakespeare. Obras máis importantes deste autor.
- *Shakespeare in love*. Buscarán a información que lles permita elixir as respostas correctas:

Ano	1900 – 1995 – 1998 – 2000 - 2003
Director	Peter Jackson – John Madden – Spielberg – John Huston
Actores	Viggo Mortensen – Joseph Fiennes – Julia Roberts – Gwyneth Paltrow
Temas principais	Odio - Amor – Amistad – Teatro – Envidia - Riqueza
¿Cando ocorre?	Época de Isabel II de Inglaterra – Época de Felipe II de España – Época de Isabel I de Inglaterra – Revolución francesa – Época actual
¿Onde?	París - Londres – Roma – Madrid - Lisboa
Premios	5 Globos de ouro – 5 osos de ouro – 7 oscars - 4 palmas de ouro - 5 conchas de ouro.

- *Romeo y Julieta* é obxecto dunha posta en escea ao longo da película *Shakespeare in love*. Terán que informarse sobre os datos técnicos e os aspectos relacionados co contido – argumento, personaxes, temas,... para completar o seguinte cadro:

Ano	
Director	
Actores	
Temas principais	
¿Cando ocorre?	

¿Onde?	
Premios	

2ª sesión: Visionado da película *Romeo y Julieta*.

3ª sesión: Visionado da película *Shakespeare in love*.

4ª sesión:

Despois de ver cada un dos filmes se establecerá un pequeno coloquio, para iso a profesora plantexará cuestións do tipo:

- Escena que gustou máis e a que menos. Explicar por que.
- Personaxe co que máis se solidarizan. Argumentalo.
- Xulieta é unha adolescente á que lle amañan un casamento, ¿e éste feito alleo á nosa cultura? ¿Na actualidade hai algunha cultura que manteña este costume?
- Romeo preséntase como un home moi sensible, que expresa os seus sentimentos e mesmo, chora. ¿Qué reacción produce este feito nos outros personaxes? ¿Qué pasaría na actualidade ante este comportamento? Expresar a opinión sobre os estereotipos asignados a cada caso.
- A xenreira entre dúas familias é a causante da traxedia. ¿É posible que na actualidade as disputas entre dúas familias provoquen a morte?
- Por último, pídeselles que escriban comentarios sobre as películas: si lles gustaron ou non, impresións que lles produciu, qué aspectos lles gustaron máis e cales menos, impresións sobre os personaxes.

5ª sesión:

Localizar na biblioteca do centro a obra dun autor galego do século XX que se relaciona co tema de *Romeo e Xulieta*. Para iso danse unha serie de pistas:

- O autor escribiu a súa primeira novela cando tiña 9 anos. Nesta obra, os malos falaban en castelán e os bos en galego.
- Moitas das historias que aparecen nalgunhas das súas obras, escoitounas nas tertulias que se facían na rebotica do seu pai.
- Comezou escribindo poesía e converteuse nun dos maiores representantes do Neotrobadorismo.
- Non chegou a rematar a carreira de Filosofía e Letras. Despois da guerra civil adicouse ao xornalismo e mesmo chegou a ser director do Faro de Vigo.

- Despois dos anos corenta a súa obra literaria centrouse na narrativa, xénero no que vai ser mais coñecido.
- No ano 2005 celebrouse o cincuentenario da publicación dunha das súas obras narrativas máis coñecida.
- Cultivou todos os xéneros literarios. ¿Sabes cales son? Dá un título de cada un deles.

Agora localizar a obra deste autor que se relaciona co tema de *Romeo e Xulieta*

Xa temos lidas as dúas obras, decatáriste de que son moi diferentes e teñen moi poucos elementos en común, máis poren hai coincidencias. Tendo en conta os aspectos que che sinalamos de seguido intenta atopalos:

1. Nos personaxes
2. Na trama
3. No espazo
4. No tempo

6ª sesión:

Despois de ver o filme *Shakespeare in love*, entrar no blog *Educativoblog* no que se ofrecen opinións de alumnos/as sobre a película <http://educativoblog.blogspot.com/2007/11/shakespeare-in-love.html>. A continuación recollerán algunhas que coincidan coa que eles expresaron.

Vense algúns dos vídeos que aparecen neste blog sobre a igualdade de sexos xa que será o tema sobre o que se vai traballar na sesión seguinte.

Para iso pídesse que busquen información durante a semana sobre mulleres famosas e en que campo o foron.

7ª sesión:

Cada alumno organizará todo o material para elaborar o traballo que recolla a información atopada, tendo en conta que deberá constar das seguintes partes:

- 1.- portada (título, nomes dos membros do grupo, curso)
- 2.- índice
- 3.- páxinas web consultadas
- 4.- Corpo do traballo:
 - Exposición cos datos máis relevantes sobre Shakespeare.
 - Cadros cos datos das dúas películas

- Opinións sobre as dúas películas tendo en conta as actividades realizadas sobre este apartado (coloquio, comentarios do blog,...)
- Comentarios sobre os vídeos vistos sobre a igualdade entre os sexos. Pequeno texto argumentativo onde xustifiquen a súa opinión sobre o tema.
- Exposición sobre o autor galego do século XX sobre o que tiveron que investigar. Datos sobre a vida e a obra

Sería interesante que se aportaran imaxes para ilustrar os distintos apartados do corpo do traballo (fotos dos autores, imaxes que fagan referencia ás películas,...). Débense utilizar os recursos que ofrecen os procesadores de texto (marxes, sangrados, tamaños de letra, negrita, corrector ortográfico...)

Competencia social e cidadá

8ª sesión:

A partir da situación da película *Shakespeare in love* en que as mulleres non poden ser actrices, prepararase un debate sobre a presenza da muller en profesións consideradas tradicionalmente “de homes”.

Coméntanse as informacións que atoparon sobre mulleres destacadas en algún campo particular.

A continuación debatirase se cren que existen profesións relacionadas co sexo das persoas.

Establécese un pequeno coloquio sobre a película en relación aos motivos que podían inducir a pensar que era indecente unha muller no teatro.

9ª sesión:

Propónselles debatir sobre a igualdade de sexos na actualidade. Para iso pídelles que antes reflexionen sobre ese tema baseándose nos seguintes aspectos e expresando as súas opinións sobre eles:

- Mundo laboral: igualdade de oportunidades, salarios,...
- Dentro da familia: educación sexista?, diferenzas entre nenos e nenas,...
- Lei do 50% no goberno para garantir a igualdade.
- Sexismo na linguaxe

Respecto ao curso de **4º DC**, establecemos a continuación unha posible relación dos contidos coas Competencias Básicas, mais tendo sempre en conta que as distintas competencias están interrelacionadas entre si en moitas das actividades suxeridas para o desenvolvemento da programación. Deste xeito, incluimos certas tarefas e contidos na competencia que desenvolven de xeito maioritario, sen descoidar a consecución doutras competencias coa mesma actividade.

1.-Competencia en comunicación lingüística (todos os temas da programación)

Competencias específicas:

- 1.1.-Ler comprensiva e expresivamente textos diversos.
- 1.2.-Analizar e comprender textos orais e escritos de diversa tipoloxía, con diferentes modalidades discursivas e pertencentes a diferentes ámbitos.
- 1.3.-Producir mensaxes orais mantendo unha orde, unha coherencia e unha claridade aceptables na expresión lingüística e no rexistro empregado.
- 1.4.-Crear textos escritos con diferentes intencións axeitándoos á situación comunicativa, cun vocabulario rico e variado e respectando os criterios de corrección e presentación.
- 1.5.-Interpretar e valorar textos escritos e orais e expresar a opinión sobre eles de forma argumentada.
- 1.6.-Dominar as normas gramaticais e ortográficas.
- 1.7.-Ampliar significativamente o léxico e aplicalo axeitadamente en cada situación comunicativa.

Actividades de comprensión e expresión oral e escrita:

- 1.-Lecturas en voz alta de textos de diferentes tipos tendo en conta a expresividade, fluidez, pronunciación, entonación, velocidade,... adecuadas
- 2.-Audicións: sobre textos que a continuación se presentan por escrito para ser lidos na clase – preténdese modelar a propia lectura en voz alta, axudando deste xeito a correxir a vocalización, entoación, etc.-, ou sobre textos que só se presentan de forma oral -con isto preténdese desenvolver a atención e a comprensión auditivas.
- 3.-Actividades de comprensión e expresión:

-Explicar o sentido do texto:

- Realizar o resumo.
- Comprender a idea xeral e a intención comunicativa do texto
- Identificar o tema do texto recoñecendo os enunciados onde aparece explícito.
- Distinguir as ideas principais.
- Recoñecer o xeito en que está organizada a información
- Extraer informacións concretas do texto.
- Explicar significados de palabras, frases ou fragmentos do texto.
- Identificar o tipo de texto e os seus rasgos característicos

-Expresar a opinión sobre o tema do texto de forma argumentada.

Para a realización destas actividades poderase utilizar a expresión oral ou escrita segundo se estime oportuno. Cando se trate de producir textos orais valorarase a orde, a coherencia, a claridade, o rexistro empregado; nos textos escritos, ademais dos aspectos anteriores, terase en conta a presentación, a riqueza léxica e a corrección gramatical e ortográfica.

-Crear textos seguindo a tipoloxía, forma,... do texto lido ou escoitado. Dependendo do texto base, as actividades poden variar: escribir a continuación do texto, elaborar un diálogo, redactar unha noticia...

Temporalización:

Todas as actividades anotadas nesta competencia desenvolveranse ao longo de todo o curso.

Avaliación:

A súa avaliación realizarase a través do traballo diario na clase -oral e escrito-, probas escritas, redaccións e resumos.

4.-Tratamento da información e competencia dixital (temas 6 e 7)

Competencias específicas:

4.1.- Coñecer as linguaxes e soportes máis frecuentes nos que a información adoita expresarse.

4.2.- Buscar, procesar e organizar a información coa axuda de diferentes fontes de documentación: bibliotecas, Internet – dicionarios dixitais, periódicos dixitais, webs educativas, blogs... enciclopedias en CDRom e DVD-Rom,

4.3.- Compoñer textos mediante o uso de sistemas informáticos.

Actividades:

-Establecer as etapas significativas na historia da humanidade

-Análise dun conflito internacional: a II Guerra Mundial

Informarse sobre este conflito mundial

- Recoller información sobre as causas desta guerra
- Comparar as causas desta guerra coas da I Guerra Mundial
- Sobre un mapa do mundo colorear os países que participaron nos dous bandos
- Esquematizar as etapas desta guerra
- Investigar sobre as novidades en canto ao armamento empregado
- Anotar as consecuencias da guerra
- Comparar o mapa de Europa antes e despois deste conflito

-Descubrir as etapas históricas na España do século XX

-Coñecer as Institucións democráticas españolas

Consultar algúns artigos na Constitución Española

- Crear textos nos que se reflexione sobre algún artigo

-O Estatuto de Autonomía de Galicia

Consultar algúns artigos no Estatuto de Autonomía

-Recoller información sobre o sistema de eleccións

Temporalización:

As actividades desta competencia traballaranse entre a segunda e terceira avaliacións.

Avaliación:

Valorarase a boa disposición e interese na procura de información, a organización, a selección de información e a corrección das actividades propostas a partir da información recadada.

5.-Competencia social e cidadá (temas 11 e 12)

Competencias específicas:

5.1.-Valorar o diálogo como medio de entendemento e respecto entre as persoas, desenvolvendo unha actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais dos demais e amosando interese por compartir as opinións propias.

5.2.-Reflexionar sobre a importancia das linguaxes non verbais na comunicación humana

5.3.-Desenvolver unha actitude reflexiva e crítica ante a información dos medios de comunicación.

5.4.-Identificar o perfil do destinatario e a intención nos textos publicitarios

5.5.-Coñecer os trazos característicos da linguaxe publicitaria

5.6.-Aproximarse á actualidade social, política e cultural a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación.

5.7.-Coñecer e empregar diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.

5.8.-Axeitar a forma do discurso á intención comunicativa.

5.9.-Adecuar o nivel de lingua para redactar un escrito formal

5.10.-Reflexionar sobre a importancia do currículo para optar a un posto de traballo satisfactorio

Actividades:

-Realizar un debate elaborando previamente un guión con argumentos propios

-Interpretar a linguaxe persuasiva da publicidade

-Crear mensaxes con función persuasiva

-Adaptar unha mensaxe publicitaria ao medio radiofónico

- Planificar e redactar unha mensaxe de correo electrónico
- Estruturar e elaborar un contrato
- Planificar e redactar unha entrevista de traballo
- Confeccionar unha reclamación
- Escribir distintos tipos de cartas
- Participar en foros a través de blogs

Temporalización:

Será traballo da terceira avaliación o anotado nesta competencia.

Avaliación:

Valorarase a actividade realizada na aula, traballos que se recollerán e a través de preguntas nun exame escrito.

6.-Competencia artística e cultural (temas 3, 7, 8 e 13)

Competencias específicas:

- 6.1.- Comprender e valorar os textos literarios aproximándose a eles a través da lectura, audicións, representacións teatrais,...
- 6.2.- Desenvolver a autonomía lectora e o aprecio pola lectura como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.
- 6.3.- Coñecer as mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
- 6.4.- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver o criterio lector.
- 6.5.-Utilizar como fontes de información e comprensión: vídeos, películas, reportaxes,... sobre algún tema motivo de estudo

Actividades:

- Lectura comprensiva de fragmentos de obras da literatura galega, da castelá e doutras.
- Asistir a algunha representación teatral ou actuación de interese cultural
- Ler algún libro que interese polo tema que trate:

II Guerra Mundial:

El niño con el pijama de rayas

- Lectura na clase
 - Elaboración dunha ficha de lectura
 - Redacción de resumos de cada capítulo
 - Resposta a preguntas de comprensión da obra
 - Tratamento no libro de feitos históricos
- Ver algunha película que estea directamente relacionada co temario do curso:

II República e Guerra Civil española

O lapis do carpinteiro

- Actividades de investigación previas a ver a película
- Actividades para facer a partir da película
- Actividades de análise crítica e opinión persoal

II Guerra Mundial:

El pianista

- Actividades de investigación previas a ver a película
- Actividades para facer a partir da película

-Actividades de análise crítica e opinión persoal

-Actividades de cultura xeral e investigación

Temporalización:

O desenvolvemento desta competencia ocuparanos durante todo o curso.

Avaliación:

A valoración desta competencia farase a partir da atención prestada, o logro de comprensión que se demostre a través de actividades realizadas na clase e o enriquecemento cultural adquirido.

7.-Competencia para aprender a aprender:

Competencias específicas:

7.1.-Relacionar as novas aprendizaxes cos coñecementos previos.

7.2.-Cooperar activamente nas situacións de aprendizaxe compartida con outros/as compañeiros/as.

7.3.-Incorporar a lectura e a escritura como formas de enriquecemento persoal.

7.4.-Revisar e autoavaliar actividades recoñecendo os erros cometidos e amosando interese por correxilos.

7.5.-Utilizar as técnicas de traballo intelectual: o subraiado, o esquema, o resumo, as fichas e os apuntamentos.

7.6.-Valorar a regularidade e a constancia do traballo diario adoptando actitudes positivas cara ao esforzo persoal.

7.7.-Sentir curiosidade e gusto por aprender e por realizar un traballo ben feito.

Actividades:

Todas as actividades que se fan ao longo do curso van encamiñadas a que o alumnado acade esta competencia, especialmente as que se refiren ás outras competencias: un alumno/a que teña a competencia lingüística ten maior capacidade para aprender calquera contido que se lle presente, o mesmo aquel/a que teña habilidades para atopar con facilidade informacións en diferentes fontes (tratamento da información e competencia dixital), ou o/a que saiba escoitar aos demais e saque proveito das intervencións dos outros e sexa capaz de expoñer as súas ideas de forma razoada (competencia social e cidadá),...

Temporalización:

Ao longo de todo o curso valorarase a consecución desta competencia.

Avaliación:

Valorarase o traballo diario na aula, o interese por realizar as actividades que se propoñen e por correxir os erros cometidos, a participación, o esforzo e o emprego de diferentes técnicas de traballo para acadar o coñecemento. amén a través do cumprimento co traballo solicitado.

8.-Autonomía e iniciativa persoal:**Competencias específicas:**

8.1.-Expoñer as propias ideas con creatividade, responsabilidade, confianza e sentido crítico.

8.2.-Desenvolver actividades individuais e colectivas con creatividade, responsabilidade, perseverancia, confianza e sentido crítico.

8.3.-Integrarse en proxectos de traballo en equipo mostrando iniciativas e ideas propias.

8.4.-Valorar a lectura como fonte de coñecemento, creatividade, sensibilidade, análise e resolución de problemas con imaxinación... para favorecer o desenvolvemento da autonomía e a iniciativa persoal.

8.5.-Participación activa en situacións de comunicación propias do ámbito académico,

8.6.-Presentarse voluntario/a para a realización das tarefas: lectura en voz alta, corrección das actividades.

8.7.-Interesarse por buscar informacións sobre os temas propostos utilizando para iso diferentes fontes.

Obxectivos

1. Comprender as ideas esenciais de textos orais e escritos e reproducir o seu contido aportando unha opinión persoal.
2. Expoñer oralmente, de forma ordenada e fluída, pequenos traballos realizados individualmente ou en equipo, axustándose a un plan ou guiión previsto, adecuando a linguaxe utilizada ó contido e á situación de comunicación.
3. Contrastar e sintetizar, oralmente e por escrito, o contido de diferentes fontes de información (gráficas, mapas, documentos orais e escritos,

obras de arte, etc.), extraendo as conclusións pertinentes en cada caso.

4. Producir textos escritos de diferente tipo (narrativos, descritivos, dialóxicos, expositivos e argumentativos) sobre temas próximos ó alumnado e respectando os criterios de corrección.
5. Comprender discursos orais e escritos habituais e recoñecer as situacións nas que se producen.
6. Expresarse con corrección oralmente e por escrito, incluíndo recursos non lingüísticos, atendendo ás características do contexto e desenrolando a capacidade de regular as producións lingüísticas.
7. Beneficiarse e disfrutar da lectura, do patrimonio artístico-cultural e da escritura potenciando un achegamento crítico e creativo ós textos literarios.
8. Coñecer e valorar a diversidade lingüística, cultural e de costumes, tanto xeográficos como culturais, superando os xuízos de valor estereotipados e os prexuízos discriminatorios (clasistas, racistas, sexistas, etc).
9. Utilizar a lingua como instrumento para adquisición de novos coñecementos, para a comprensión da realidade, o desenrolo do pensamento e a regulación da propia actividade.
10. Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude crítica e tolerante, fundamentando axeitadamente a súas opinións e propostas e valorando a discrepancia e o diálogo.
11. Obter e relacionar información verbal icónica, estatística, cartográfica, histórica etc, a partires das distintas fontes, especialmente dos medios de comunicación, recoñecendo e analizando as súas características formais e desenrolando unha actitude crítica diante da súa mensaxe.
12. Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento dos feitos sociais e históricos, analizando as interrelacións que se producen entre os feitos políticos, económicos e culturais que condicionan a traxectoria das sociedades humanas.
13. Resolver problemas e levar a cabo estudos sobre o entorno, aplicando os instrumentos conceptuais e as técnicas e procedementos básicos da investigación.
14. Valorar e estima-las dúas linguas oficiais da nosa Comunidade, comprendendo as circunstancias que condicionaron a súa evolución e o seu uso, e afirmando a lingua galega como propia de Galicia.
15. Coñecer e reflexionar sobre os elementos formais e os mecanismos da lingua, nos seus planos fonolóxico, morfo-sintáctico, léxico-semántico e textual e sobre as condicións de produción e recepción de mensaxes no contexto social de comunicación, co fin de desenvolver a capacidade para regular as propias producións lingüísticas.

PROGRAMACIÓN DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

A presente programación foi elaborada tendo en conta que neste curso , 2008-09, a DC vai constar de dous cursos (3º e 4º).

Tendo en conta as características deste tipo de alumnado, decidiuse que a consecución dos obxectivos do Ámbito socio-lingüístico debe ser un proceso contemplado de xeito progresivo ó longo de dous cursos.

Consonte con este formulamento decidiuse elaborar a programación cos mesmos contidos mínimos, obxectivos xerais, metodoloxía e criterios de

avaliación para os dous niveis.

CONTIDOS

3º CURSO

1ª avaliación

1.-A COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA

- A comunicación oral e escrita: elementos e funcións.
- Necesidade da comunicación e intención comunicativa.
- A lingua como fonte de información, coñecemento, pracer, persuasión, manipulación, etc.
- Riscos distintivos da lingua oral e escrita: fonéticos, gráficos, prosódicos, etc. Orientacións básicas sobre a cohesión e corrección dos textos. Normas ortográficas.

2.-O DISCURSO COMO UNIDADE DE SENTIDO E UNIDADE FORMAL

- Discurso como unidade de sentido e unidade formal; partes do discurso. Relación texto-contexto. Adecuación e cohesión textual.
- Análise morfosintáctico: clases de palabras, a oración.
- Vocabulario, sentido propio e figurado. Polisemia, homonimia, sinonimia e antonimia. Familias léxicas e campos semánticos. Modismos, locucións, e frases feitas. Neoloxismos, estranxeirismos...etc.

3.-COMPRENSIÓN LECTORA

·Lecturas comprensivas de diferentes textos

4.-ORTOGRAFÍA

- Os signos de puntuación
- As regras xerais de acentuación
- A acentuación diacrítica

5.-LÉXICO

- A familia
- Os sentimentos e a personalidade
- O corpo humano
- A vestimenta.

2ª avaliación

6.- MOVÉMONOS E COMUNICÁMONOS

- Os movementos de poboación: causas e consecuencias. Emigrantes, inmigrantes e refuxiados.
- A emigración galega e española. Os recentes movementos de inmigración.
- A actividade comunicativa. Formas e características da comunicación humana.
- A comunicación ó longo da historia. Os medios de comunicación de masas e as novas tecnoloxías.

7.-UN MUNDO DE CIDADES

- Mundo urbano e mundo rural. Concepto de cidade.
- A interacción campo-cidade na Galicia de hoxe.
- Proceso de urbanización no mundo.
- Os espazos urbanos: casco histórico, ensanches, periferias.
- Os problemas urbanos: degradación ambiental, marxinación, violencia.
- A situación sociolingüística nas cidades galegas.
- A cidade como contexto lingüístico diversificado. Tipos de discurso, funcións e ámbitos de uso.

8.-COMPRENSIÓN LECTORA

- Lecturas comprensivas de diferentes textos

9.-ORTOGRAFÍA

- Ditongo, tritongo e hiato
- Uso de B e V,
- Uso de H
- Uso S e X

10.-LÉXICO

- A vivenda
- Os medios de transporte
- O traballo e as profesións

3ª avaliación

11.- A LITERATURA

- A literatura como fenómeno comunicativo e estético
 - A literatura como instrumento de transmisión e creación cultural, e como fonte de información histórica e da experiencia individual e colectiva.
- Relacións entre literatura, arte e sociedade.

12.- ELABORAMOS DOCUMENTOS

- Carta comercial·Carta social
- Formularios de correos
- Anuncios por palabras
- Follas de domiciliación bancaria.

13.-COMPRENSIÓN LECTORA

- Lectura comprensiva de diferentes textos

14.-ORTOGRAFÍA

- Uso de I, LL, X
- Grupo consonánticos -CT- e -CC-
- As terminacións -ZO, -ZA

15.-LÉXICO

- Os alimentos
- A saúde e a enfermidade
- Os xogos e os deportes

2.3.2.CONTIDOS 4º CURSO

1ª avaliación

1.- ESTRUCTURAS TEXTUAIS BÁSICAS

- Tipos e formas de discurso na comunicación oral e escrita.
- Estructuras textuais básicas: a narración, a descrición, o diálogo, a exposición e a argumentación.

2. INFORMARSE PARA OPINAR

Principais medios de comunicación. Función social e características.

As mensaxes icónico-verbais. A linguaxe da publicidade.

A liberdade de opinión e de expresión como dereito das persoas.

Fontes e recursos informativos. Bibliotecas, hemerotecas, videotecas, arquivos, redes informáticas...

Formas e procedementos técnicos para o intercambio de opinións e de información: debate, mesa redonda, xogo de roles ...

3. COMPRENSIÓN LECTORA

Análise das lecturas dos temas 1-2-3-4 do libro Lingua galega e literatura 4º eso

4.ORTOGRAFÍA

Acentuación

Til diacrítico

Usos de B/V

5. LÉXICO

Os animais

As plantas

A paisaxe natural

2ª avaliación

6.- SOCIEDADES HISTÓRICAS E CAMBIO NO TEMPO

- Etapas especialmente significativas da historia da Humanidade e as súas referencias cronolóxicas básicas.
- A evolución dos sistemas políticos en Europa.
- Evolución e desenvolvemento históricos dos aspectos significativos da vida humana (vida cotiá, traballo, tecnoloxía, marxinação, etc).
- Transformacións socioeconómicas, políticas, etc da época contemporánea na sociedade española(conflitos, cambios, etc.).

7.- MUNDO ACTUAL

- Principios e institucións democráticas na Constitución española e a súa presenza na vida pública e privada. Estatuto de Autonomía de Galicia.
- A presenza española nos organismos e institucións internacionais.
- Análise dalgún conflito internacional. por exemplo: a segunda guerra mundial, para estudar as tensións internacionais.
- Estudo dalgúns termos básicos da economía en relación coa vida cotiá.

8. COMPRENSIÓN LECTORA

Análise das lecturas dos temas 5-6-7-8 do libro Lingua galega e literatura 4º eso

9. ORTOGRAFÍA

Uso de H

Uso das consoantes J,K,W,Y

Grupos consonánticos

Diérese

10. LÉXICO

O medio rural

O medio urbano

A vida administrativa

Topónimos e xentilicios

3ª avaliación

11.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN VERBAL E NON VERBAL. MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- Características e interacción da comunicación verbal e non verbal.
- Importancia das linguaxes non verbais na comunicación humana.
- Os medios de comunicación: prensa, radio, televisión. A publicidade.
- Linguaxe verbal e linguaxe da imaxe: o cómic, a fotonovela, o cine, o vídeo e o ordenador.
- A lingua galega nos medios de comunicación.

12.- ELABORAMOS DOCUMENTOS

Curriculum vitae

Carta de presentación

Solicitudes diversas: reclamacións, contratos de compra-venda..

13. COMPRENSIÓN LECTORA

Análise das lecturas dos temas 9-10-11-12 do libro Lingua galega e literatura 4º eso

14. ORTOGRAFÍA

O guión e a raia

Palabras xuntas e separadas

Maiúsculas e minúsculas

15. LÉXICO

O tempo meteorolóxico

O tempo cronolóxico

Tradicións, festas e ritos

Competencias Básicas por tema:3º

	TEMAS														
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15
C O M P E T E N C I A S	1	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2 ,1.3,1. 4,1.5,1 .6,1.7	1.1,1.2, 1.3,1.4, 1.5,1.6, 1.7	1.1,1. 2,1.3, 1.4,1. 5,1.6, 1.7
	2														
	3														
	4					4.1,4.2 ,4.3	4.1,4.2 ,4.3								
	5					5.1,5.2 ,5.3,5. 4,5.5	5.1,5.2 ,5.3,5. 4,5.5				5.1,5.2 ,5.3,5. 4,5.5	5.1,5.2 ,5.3,5. 4,5.5			
	6	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2 ,6.3,6. 4	6.1,6.2, 6.3,6.4	6.1,6. 2,6.3, 6.4
	7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2 ,7.3,7. 4,7.5,7 .6,7.7	7.1,7.2, 7.3,7.4, 7.5,7.6, 7.7	7.1,7. 2,7.3, 7.4,7. 5,7.6, 7.7
	8	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2 ,8.3,8. 4,8.5,8 .6,8.7	8.1,8.2, 8.3,8.4, 8.5,8.6, 8.7	8.1,8. 2,8.3, 8.4,8. 5,8.6, 8.7

Competencias: 1.- Competencia en comunicación lingüística. 2.- Competencia matemática. 3.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. 4.- Tratamento da información e competencia dixital. 5.- Competencia social e cidadá. 6.- Competencia cultural e artística. 7.- Competencia para aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.

Competencias básicas por temas ; 4º

[illegible]

Competencias: 1.- Competencia en comunicación lingüística. 2.- Competencia matemática. 3.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. 4.- Tratamento da información e competencia dixital. 5.- Competencia social e cidadá. 6.- Competencia cultural e artística. 7.- Competencia para aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.

Contidos mínimos

- Identificar as ideas principais de textos orais e escritos.
- Expoñer con soltura as ideas xerais das tarefas encomendadas.
- Coñecemento e correcta identificación dos elementos fónicos, morfosintácticos, léxico-semánticos e textuais da lingua.
- Dominio e correcta utilización das convencións ortográficas.
- Identificación e análise de oracións e dos seus elementos e estruturas característicos
- Producir, comprender e identificar, de xeito correcto, textos narrativos, descritivos, dialóxicos, expositivos e argumentativos.
- Dominio das técnicas básicas de traballo: subliñado, esquemas, notas, resumos.
- Hábito de traballo intelectual e en equipo.
- Utilización dos dicionarios e os libros como instrumentos de corrección e información.
- Dominio de vocabulario básico para a realización das tarefas.
- Coñecemento e manexo da ortografía elemental.
- Organización do propio traballo.
- Presentación correcta das producións escritas.
- Identificación dos xéneros literarios.
- Interpretación dos elementos non verbais básicos.
- Coñecemento das producións dos medios de comunicación.
- Obtención, clasificación e organización de información mediante o dominio de técnicas básicas: fichas, síntese, resumo.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo procesos e acontecementos relevantes.
- Valorar e respectar o patrimonio histórico, cultural e artístico.
- Lectura das obras que se determinen.

Metodoloxía

Xa que os grupos son reducidos, facilitarán un seguimento máis individualizado por parte das profesoras. Extremaranse as medidas de coordinación e organizaranse actividades de carácter interdisciplinar. As áreas serán globalizadas, neste caso faise referencia á área lingüístico social, pero buscarase unha conexión coas outras áreas sempre que sexa posible. O texto que se propón para un comentario pode proceder de numerosas fontes .O mesmo sucede coa redacción, pode ser: escribir unha carta comercial, unha solicitude de emprego, unha carta de presentación, etc.

Comezase cunha avaliación inicial a base de actividades de fácil realización como: expresión oral, lectura, comentario dun texto, preguntas sobre aspectos xerais da área de sociais (Xeografía e Historia) co fin de determinar o punto de partida (o resultado desta sondaxe, pode levar a algún cambio da programación para adaptala ás necesidades destes alumnos/as).

Considerando as carencias que presenta este alumnado na área instrumental básica do ámbito ,engadiranse ós contidos de cada nivel exercicios que sirvan para reforzar a ortografía, o léxico e a expresión en xeral

Co fin de incentivar a lectura, ampliar léxico, mellorar a expresión e comprensión lectora, adicaranse dúas horas semanais á lectura na aula de obras seleccionadas polas profesoras e que se consideren adaptadas ó nivel do alumnado. Así mesmo farase unha lectura individual, dunha obra escollida polo propio alumno ou alumna, da que terá unha exposición oral na aula.

A clase levarase de forma activa e moi práctica. A relación debe favorecerse entre profesores e alumnos, permitindo que estes participen nas propostas de traballo.

Criterios de avaliación

Dentro do proceso educativo dos programas de diversificación, é preciso plantexarse o papel da avaliación como elemento de motivación, intentando que o propio alumnado participe nela e que sexan eles quen controlen o seu propio proceso de aprendizaxe, co fin de desenvolver a súa autonomía cognitiva e reforzar, deste xeito, a súa autoestima.

Para que isto sexa posible, é preciso planificar as actividades de avaliación de forma que os alumnos/as. as perciban como unha ocasión para aprender, tomando como referencia comparativa non as aprendizaxes dos outros/as compañeiros/as, senón os seus propios avances.

Os criterios aquí establecidos responden a algunha das capacidades enunciadas nos obxectivos xerais de ciclo, complementaranse cos propios de cada área e teñen unha función orientadora e homoxeneizadora nos diversos momentos da avaliación.

OBXECTIVOS:

5. Comprender as ideas esenciais de textos orais e escritos e reproducir o seu contido aportando unha opinión persoal.
6. Expoñer oralmente, de forma ordenada e fluída, pequenos traballos realizados individualmente ou en equipo, axustándose a un plan ou guiión previsto, adecuando a linguaxe utilizada ó contido e á situación de comunicación.
7. Contrastar e sintetizar, oralmente e por escrito, o contido de diferentes fontes de información (gráficas, mapas, documentos orais e escritos, obras de arte, etc.), extraendo as conclusións pertinentes en cada caso.
8. Producir textos escritos de diferente tipo (narrativos, descritivos, dialóxicos, expositivos e argumentativos) sobre temas próximos ó alumnado e respectando os criterios de corrección.
9. Identificar e localizar as Comunidades Autónomas españolas, os estados europeos, así como os principais países e áreas económicas e culturais do mundo, analizando as desigualdades demográficas e económicas que existen entre eles.
10. Utilizar a reflexión sobre os mecanismos da lingua e o coñecemento e uso racional dos seus elementos (monemas, tipos de palabras, frases, oracións, fenómenos semánticos...) para unha mellor comprensión dos textos alleos e para a mellora dos propios.
11. Situar cronoloxicamente as etapas máis significativas da historia de España e da humanidade, utilizando o coñecemento básico das mesmas para enmarcar no seu contexto histórico a evolución e o cambio que sufriu algún aspecto significativo da vida humana (condicións materiais da vida, organización política, crenzas, culturas, etc.).
12. Coñecer as principais transformacións socioeconómicas e políticas da época contemporánea na sociedade española.
13. Coñecer os conflitos mundiais do presente século e facer unha análise das circunstancias e intereses que están presentes nalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.
14. Identificar o xénero ó que pertence un texto literario lido na súa totalidade, recoñecer os riscos estruturais básicos e os procedementos retóricos empregados nel; saber dar unha opinión razoada sobre os aspectos máis apreciados e menos apreciados do mesmo.
15. Recoñecer na Constitución española os principios e institucións democráticas fundamentais e aplicar ese coñecemento para enxuízar e debater feitos e actuacións públicas e privadas.
16. Utilizar a linguaxe como instrumento de aprendizaxe para analizar problemas solucionar conflitos, a través da elaboración de informes e a participación en debates sobre o desenvolvemento científico e técnico, e sobre cuestións problemáticas da vida cotiá no mundo actual, evitando usos lingüísticos discriminatorios.
17. Contrastar, valorar e integrar distintas informacións ofrecidas polos medios de comunicación sobre conflitos socioeconómicos da actualidade.
18. Coñecer a situación sociolingüística de Galicia, valorar a importancia da lingua como elemento vertebrador dunha comunidade con historia e cultura propia comprender as dificultades que coutan a súa normalización lingüística.

Procedementos de avaliación (para os dous cursos)

Avaliación continua, coa obriga de obter como nota mínima en cada avaliación **3**.

Probas escritas por avaliación que valerán o 80% da nota da avaliación.

Revisión dos cadernos ó longo da avaliación, tendo en conta: orde, presentación, ortografía e que estea completa a tarefa.

Actitude positiva cara a materia e interese por aprender (20%)

Actividades de recuperación (para os dous cursos)

A partir do mes de decembro a profesora dará exercicios ao alumnado que teña algunha das materias do ámbito. Serán entregados para que, unha vez feitos, se devolvan nun prazo de 15 días.

Se este procedemento de avaliación non abonda para superar a materia suspensa terán un exame extraordinario no mes de maio.

Contribución ao Proxecto LectorO plan lector do Departamento de Lingua galega e literatura segue basicamente a liña adoptada nos últimos cursos.

Conscientes de que a lectura constitúe unha actividade clave na educación do alumnado – xa que o seu dominio abre as portas de novos coñecementos- pretendemos contribuír á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector do seguinte xeito:

1- Lectura comprensiva

Nos catro cursos da Eso faranse catro lecturas comprensivas por avaliación, seguindo as propostas dos libros de texto correspondentes.

2- Lectura de escolma de autores

Na parte correspondente á literatura leranse poemas, relatos ou fragmentos de obras dos autores máis representativos. Segundo o nivel farase un comentario de texto de menor ou maior dificultade.

3- Lectura e construción de diferentes tipos de texto

Coñecer e construír os distintos tipos de texto básicos: narrativo, descritivo, dialogado, argumentativo e expositivo, segundo a programación didáctica.

4- Obras de lectura

Nos catro cursos da Eso haberá unha obra de lectura obrigatoria por avaliación.

En 3º e 4º o alumnado terá a posibilidade de ler voluntariamente outra das obras propostas (citadas todas na programación didáctica).

Especial atención á lectura farase en 3º e 4º de Diversificación curricular, onde se dedicarán dúas sesións semanais á lectura conxunta dun libro escollido polas profesoras.

En xeral, para o plan lector remitirémonos á programación didáctica na que tanto nos contidos procedementais como actitudinais a lectura, o seu fomento e a súa valoración aparecen como base fundamental do currículo desta materia.

Contribución ao Plan de Integración das TICs

Ao longo do curso pasado os membros do departamento, en colaboración co Departamento de Lingua Castelá, elaboraron tarefas para o desenvolvemento das competencias básicas nos distintos cursos da ESO. Entre elas están as destinadas a mellorar a competencia dixital.

As actividades deseñadas para desenvolver esta competencia son basicamente de 2 tipos:

1.- Búsqueda de información utilizando as novas tecnoloxías: dicionarios dixitais, páxinas Web, periódicos dixitais, blogs, foros,...

2.- Elaboración de traballos que recollen de forma organizada a información atopada nos distintos medios. Para iso deben aproveitar as vantaxes que ofrecen os procesadores de texto xa que teñen que ser entregados en soporte dixital ou enviados a través do correo electrónico.

Na ESO as actividades xiran en torno a un tema común aos dous departamentos: a lírica. Utilizando as novas tecnoloxías, e a través do uso de dicionarios dixitais, páxinas especializadas en literatura e xornais dixitais, terán que buscar a información que se lles vai solicitando, seleccionándoa e organizándoa para a elaboración, en formato dixital, dun traballo monográfico sobre o tema seguindo un esquema previo e utilizando todas as vantaxes que ofrecen os procesadores de textos –negriña, sangrados, correctores ortográficos, etc.

Ademais destas actividades, ao longo do curso poderase traballar de forma máis puntual esta competencia, pedindo aos alumnos/as que busquen informacións variadas en diferentes fontes e sobre distintos temas.

Materiais e recursos didácticos.

Como libros de texto e exercicios utilizaranse os seguintes:

Lingua galega e literatura 3º ESO, ed. Santillana (serie AGROMAR)

Lingua galega e literatura 4º ESO, ed. Santillana (serie AGROMAR)

Ortografía 1, ed. Rodeira

Ortografía 2, ed. Rodeira

Léxico 1, ed. Rodeira

Léxico 2, ed. Rodeira

Apuntamentos elaborados pola profesora, dicionarios, taboleiro e ,cando cumpra, material audiovisual.

Actividades complementarias e extraescolares

Visita a diversos medios de comunicación (4º curso).

Participación na elaboración dun xornal dixital dentro do concurso de “ El País de los Estudiantes”(4º curso).

Visitas culturais a museos, salas de exposición, castros,..vencelladas coa cultura galega.

Asistencia a conferencias, charlas, mesas redondas, representacións teatrais... que teñan lugar no Centro ou fóra del e que o Departamento considere de

interese para a formación do alumnado na lingua, literatura ou cultura galegas (3º e 4º).

Criterios para avaliar a programación

Os dous criterios que pensamos que se deben ter en conta para avaliar a programación son:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e procedementos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Considerarase que a programación destes aspectos é mellorable cando a porcentaxe de alumnos/as aprobados é inferior ao 70%. Neste caso compre unha reflexión sobre o tema por parte do Departamento que leven a atopar as causas do problema e a buscar solucións.

2.- O desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75%, os membros do Departamento deben analizar as causas e aplicar as corrección que sexan necesarias.